Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia

Última versión

MODIFICACIONES

Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas
- Artigo 65 bis engadido por artigo 37.

Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas
- Artigo 51 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado un.
- Artigo 66 apartado 3 nova redacción por artigo 27 apartado un.
- Artigo 75 apartado 2 nova redacción por artigo 28 apartado un.
- Artigo 88 apartado 5 engadido por artigo 26 apartado dous.
- Artigo 109 apartado 11 nova numeración e apartado 10 engadido por artigo 29 apartado un.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia
- Artigo 65 bis apartado 3 nova redacción por disposición derradeira novena.

Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia
- Título do artigo 4 nova redacción por artigo 40 apartado un.
- Artigo 4 nova redacción por artigo 40 apartado dous.
- Artigo 4 letra k) nova redacción por artigo 40 apartado tres.
- Artigo 4 letra l) engadida por artigo 40 apartado catro.
- Artigo 8 apartado 3 nova redacción por artigo 40 apartado cinco.
- Artigo 21 nova redacción por artigo 40 apartado seis.
- Artigo 42 nova redacción por artigo 40 apartado sete.
- Artigo 88 apartado 5 nova redacción por artigo 40 apartado oito.
- Artigo 100 apartado 2 nova redacción por artigo 40 apartado nove.
- Artigo 100 apartado 4 letra e) engadida por artigo 40 apartado dez.
- Artigo 105 apartados 7 e 8 nova redacción por artigo 40 apartado once.
- Artigo 110 apartado 24 engadido por artigo 40 apartado doce.

Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Artigo 4 apartado k) nova redacción por artigo 33 apartado un.
Artigo 65 bis nova redacción por artigo 33 apartado dous.

Exposición de motivos

1

En virtude dos artigos 148.1.18 da Constitución española e 27.21 do Estatuto de autonomía, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva para a promoción e a ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Esta lei, que derroga a Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, xustifícase pola necesidade de eliminar imprecisións conceptuais e de resolver disfuncións e lagoas na regulación dun sector clave da economía galega, ao tempo que pretende dar resposta ás demandas do sector e dos axentes sociais, recollidas no Plan de acción do turismo de Galicia, e establecer canles que permitan fortalecer a posición da empresa turística galega nun contorno de gran competitividade.

O Plan de acción de turismo de Galicia é resultado dunha reflexión co sector privado e público do estado do turismo en Galicia; un documento que presenta as liñas básicas por desenvolver en materia turística para levar a cabo unha xestión integral do turismo que permita unha consolidación do sector e a súa maior proxección cara ao futuro. Unha das súas conclusións foi a necesidade de abordar a modificación da normativa turística actual para modernizar o marco lexislativo e adecualo ás necesidades que presentan a oferta e as esixencias da demanda, coa finalidade de lograr un destino turístico atractivo, diferenciador e competitivo en servizos.

Os obxectivos establecidos por esta lei son coincidentes cos perseguidos polo Tratado de Lisboa, que no seu artigo 195 fai unha referencia expresa á importancia do sector turístico e á vontade da Unión Europea de promover a competitividade entre as empresas do sector dos países membros da Unión Europea, establecendo medidas específicas destinadas a complementar as accións dos estados membros que permitan o bo desenvolvemento da actividade empresarial turística.

Reafírmase esta norma nos obxectivos da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, que modificou a Lei 14/2008, do 3 de decembro, do turismo de Galicia, e que determina a eliminación dos obstáculos que se opoñen á liberdade de establecemento dos que presten servizos nos estados membros e á libre circulación de servizos entre os estados membros e

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

garante, tanto ás persoas destinatarias como ás prestadoras de servizos, a seguranza xurídica necesaria para o exercicio efectivo destas liberdades fundamentais do Tratado da Unión Europea.

A lei tamén ten en conta as recomendacións do Ditame do Comité das Rexións 2009/C 200/03. A Administración turística galega comparte o espírito deste ditame e moitas das valoracións que nel se plasman son xa liñas de traballo que se consideran prioritarias para o desenvolvemento do turismo en Galicia, pois, unha vez que se recoñecen a importancia e o alcance deste sector na economía galega, o que cómpre é sentar as bases legais que lle permitan proseguir na procura da calidade e excelencia turística acadando unha maior rendibilidade económica pero, e sobre todo, reforzando o papel social do turismo.

Esta dimensión social do turismo non se basea exclusivamente na súa capacidade para xerar emprego, senón que tamén fai referencia ás posibilidades de xerar e distribuír mellor a riqueza, potenciando zonas ricas en recursos pero pobres en infraestruturas e establecendo áreas de actuación para aproveitar as sinerxías que se producen entre as iniciativas dos distintos axentes públicos e privados. Por iso, en Galicia o turismo xoga un papel importante como factor de reequilibrio territorial e de cohesión social, como instrumento vertebrador do territorio. Non obstante, o desenvolvemento turístico ten que ser sostible, respectuoso cos recursos nos que se asenta a imaxe de Galicia: natureza, medio ambiente e paisaxe, pero tamén patrimonio cultural e lingüístico, especialmente os camiños de Santiago, enogastronomía, tradicións e costumes; en definitiva, unha cultura propia. Estes aspectos, que fan de Galicia un destino único e diferencial, teñen que ser o eixe da comunicación promocional das administracións e das empresas turísticas, que deben traballar conxuntamente baixo a marca de Galicia como marca turística global.

Todo iso non será posible se non se reforza o capital humano, imprescindible para acadar os niveis de calidade e competitividade desexados. A profesionalización dos recursos humanos a todos os niveis, a mellora no emprego turístico e a investigación e a innovación son outros aspectos que tamén se consideran nesta lei e nos que se incidirá no seu posterior desenvolvemento regulamentario.

2

A lei está estruturada nun título preliminar e nove títulos, que comprenden cento vinte e seis artigos, cinco disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O título preliminar define o obxecto e os fins da lei e o seu ámbito de aplicación. Dada a amplitude do campo material da actividade turística, faise imprescindible unha previa delimitación que concrete que aspectos da realidade do noso ámbito deben ser obxecto de consideración nesta norma.

O título I está dedicado á organización e ás competencias da Administración turística galega. Neste título diferéncianse as competencias que corresponden á Administración autonómica e ás administracións locais, xa sexan municipais ou supramunicipais, así como, se é o caso, ás entidades instrumentais do sector público autonómico.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Este título regula o Consello do Turismo de Galicia como órgano de asesoramento en materia de turismo, en substitución do Consello Regulador do Turismo de Galicia establecido na Lei 14 /2008, que non chegou a entrar en funcionamento. A nova regulación outórgalle un papel máis acorde coa figura de órgano de asesoramento e consulta e fixa unhas funcións consideradas básicas para o desenvolvemento turístico de Galicia. A composición do novo órgano, cun máximo de vinte e cinco vogais, permite unha maior participación tanto das administracións públicas con competencias na materia turística ou noutras estreitamente vinculadas a esta como das asociacións máis representativas do sector turístico, sindical e de protección ao consumidor e usuario.

Tamén se recollen neste título I as bases sobre as que se asentará a futura Rede de Oficinas de Turismo, así como a cooperación que pode establecerse para a promoción turística entre a Xunta de Galicia e as entidades representativas das comunidades galegas no exterior para a promoción turística.

O título II define o concepto de usuarias e usuarios turísticos, enumera os seus dereitos e obrigas e establece o deber das administracións públicas competentes de velar polo seu respecto e cumprimento.

O título III cualifica os recursos de interese turístico e aborda a calidade turística. Defínese neste título o Plan de organización turística de Galicia como modelo de desenvolvemento turístico que contará, polo menos, con áreas turísticas, xeodestinos turísticos e territorios de preferente actuación turística.

Na promoción dos recursos turísticos promoverase a proxección interior e exterior de Galicia como marca turística e global de calidade. Este título tamén contén a regulación dos municipios turísticos e fixa as condicións necesarias para obter esta denominación e os servizos mínimos que deberán prestarse neles.

O título IV contén a ordenación das empresas turísticas e divídese en sete capítulos.

O capítulo I define o concepto de empresa turística e establece o seu marco xurídico a través dun elenco de dereitos, así como dun conxunto de obrigas, tendentes a garantir o uso e gozo dos servizos turísticos en Galicia.

No capítulo II estipúlase a liberdade de empresa, que queda garantida sen máis limitacións que as que legal e regulamentariamente sexan establecidas, aínda que se fai fincapé en que esta liberdade debe respectar e protexer os dereitos das persoas así como o patrimonio natural e cultural de Galicia.

O capítulo III concreta os requisitos xerais aos que están suxeitas as empresas turísticas para o exercicio da súa actividade, cunha detallada regulación da declaración responsable como regra xeral e da autorización administrativa como excepción.

A parte final deste capítulo fai referencia ao Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas e establece a súa finalidade e o obxecto de inscrición, que será de oficio.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

O capítulo IV trata das empresas de aloxamento turístico e determina as diferentes modalidades da actividade de aloxamento. Fíxase o concepto de principio de unidade de explotación a prol de garantir ás usuarias e aos usuarios turísticos un interlocutor único responsable na prestación dos servizos que ofertan as empresas de aloxamento. Establécese a reserva da denominación de pousada para a súa xestión pola Administración autonómica.

Respecto dos establecementos hoteleiros, as novidades son a regulación do grupo de pensións, que substitúe ao grupo de residencias turísticas da Lei 14/2008, e a posibilidade de clasificar os hoteis en hoteis balneario ou hoteis talaso se cumpren cos requisitos esixidos, ao entender que o turismo termal e de talasoterapia configura un produto turístico salientable da oferta galega.

No mesmo sentido modifícase a clasificación dos establecementos de turismo rural e incorpóranse os grupos de hospedarías rurais, de pazos e doutras edificacións sobranceiras e de aldea de turismo rural. A nova clasificación pretende conservar o aloxamento de turismo rural como un produto singular, diferencial e valorizador tanto do patrimonio cultural como medioambiental de Galicia sen colidir nin confundirse co concepto de turismo no medio rural. Finalmente, ademais de fixar como tipos de establecementos de aloxamento turístico os campamentos de turismo e os albergues turísticos, afóndase no concepto de apartamento e vivenda turísticos.

O capítulo V ocúpase das empresas de restauración e mantén as categorías de restaurantes, cafetarías e bares.

O capítulo VI, referido ás empresas de intermediación, establece os conceptos de axencias de viaxes e de centrais de reservas e determina as súas categorías.

Finaliza este título co capítulo VII, que define os complexos turísticos.

O título V regula as empresas de servizos turísticos complementarios, entendidas como aquelas empresas e actividades que, sen seren estritamente turísticas, poden incidir no desenvolvemento turístico.

Esta lei marca como un dos seus obxectivos a profesionalización do sector e, por iso, fai unha referencia, no título VI, ás profesións turísticas, especialmente ás guías e aos guías turísticos, un colectivo fortemente afectado pola Directiva 2006/123/CE, respecto do que regulamentariamente se fixarán as condicións de acceso, o ámbito de actuación e os demais requisitos precisos para o exercicio desta profesión conforme a normativa europea, a prol de evitar o intrusismo.

A promoción e o fomento do turismo son as materias tratadas no título VII.

O capítulo I establece as competencias e os principios de actuación.

O capítulo II regula as medidas de promoción e fomento, coas que se pretende acadar un impulso do turismo mediante a posta en valor daqueles recursos singulares de Galicia baseados na cultura e na lingua propias e nas tradicións de fondas raíces populares, así como

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

nas festas consolidadas e altamente participativas, que poderán acadar o recoñecemento de festas de interese turístico de Galicia.

Ese impulso, que tamén servirá para desestacionalizar a demanda, permitirá a configuración de produtos turísticos altamente cualificados en modalidades como rural ou termal, cultural ou náutico/mariñeiro, congresual ou de aventura, etc.

Os logros desta actividade de fomento terán visibilidade a través de diferentes medidas de promoción turística e ambas as dúas facetas poderán reforzarse mediante a concesión de subvencións e axudas, para aqueles colectivos públicos e privados que aposten pola modernización e mellora das actividades e infraestruturas turísticas de Galicia.

Este capítulo fai unha mención especial ao fomento dos estudos turísticos, pois a calidade non pode acadarse sen o factor humano, polo que a Administración autonómica propiciará unha mellora da formación para o sector.

O título VIII actualiza a normativa existente sobre a disciplina turística. Así, recóllese a regulación da inspección turística, formúlanse algunhas redefinicións de tipos infractores e perfílanse, con maior concreción, aspectos técnicos do ámbito procedemental sancionador.

No título IX regúlase a mediación como forma de resolución de conflitos que poidan xurdir en materias reguladas na lei.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei do turismo de Galicia.

TÍTULO PRELIMINAR Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e fins.

1. Esta lei ten por obxecto a planificación, a ordenación, a promoción e o fomento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia e comprende a regulación das seguintes materias:

a) As competencias e a organización administrativa en materia de turismo.

b) A regulación dos dereitos e deberes das usuarias e dos usuarios turísticos.

c) A definición e a promoción dos recursos turísticos, da calidade turística e do desenvolvemento do Plan de organización turística de Galicia.

d) A ordenación xeral da actividade turística: empresas turísticas, profesións turísticas, promoción e fomento do turismo e disciplina turística.

2. Os fins que persegue esta lei, aos que a Administración autonómica acomodará as súas actuacións, son:

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

a) A promoción e o estímulo dun sector turístico galego competitivo, de calidade e accesible.

b) O fomento da cooperación interterritorial e a busca dun reequilibrio territorial a través da política turística.

c) O impulso da desestacionalización do sector turístico.

d) A diversificación da oferta turística.

e) O impulso do sector como xerador de riqueza a través da elevación da estadía media e do gasto medio por turista.

f) O establecemento de estándares que garantan a sustentabilidade do desenvolvemento turístico e a conservación e a difusión do patrimonio cultural de Galicia.

g) O impulso do turismo como medio de desenvolvemento dos valores propios da cultura e da identidade galegas.

h) A garantía e a protección dos dereitos das usuarias e dos usuarios turísticos e a información e a concienciación sobre os seus deberes.

i) A erradicación da clandestinidade e da competencia desleal.

j) O impulso da profesionalización do sector, coa mellora da formación dos recursos humanos para unha mellora nas condicións de traballo do sector turístico, en particular no uso das novas tecnoloxías e nas competencias lingüísticas.

k) O emprego de calidade como garantía de turismo de calidade.

l) O impulso dos programas de investigación e desenvolvemento turístico (I+D+T) que faciliten a incorporación das empresas turísticas galegas á sociedade do coñecemento.

m) A promoción da comercialización dos recursos e das empresas turísticas dentro e fóra de Galicia.

n) A promoción de Galicia como destino turístico de calidade, coa garantía do seu tratamento unitario na difusión interior e exterior dos recursos do país.

ñ) O estímulo aos procesos de cooperación e asociacionismo entre as empresas e entre os profesionais dos distintos sectores turísticos, así como a colaboración pública e privada.

o) A planificación e o deseño de accións sobre os recursos turísticos para facer un turismo accesible tanto aos recursos en si mesmos como para os colectivos máis sensibles.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

p) O fomento dos criterios de sustentabilidade en todas as accións de desenvolvemento turístico, para acadar un modelo turístico respectuoso co medio ambiente e que afonde na competitividade como eixe central da optimización do crecemento da oferta e dos recursos turísticos.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

As disposicións desta lei aplicaranse aos seguintes suxeitos:

a) Administracións, institucións e empresas públicas vinculadas ao sector turístico.

b) Empresas turísticas.

c) Profesionais turísticos.

d) Calquera entidade, empresarial ou non, que preste servizos relacionados co turismo e que sexa cualificada pola administración con tal carácter.

e) Usuarias e usuarios turísticos.

TÍTULO I Organización e competencias da Administración galega

Artigo 3. Administracións públicas competentes en materia de turismo.

1. Para os efectos desta lei, teñen a consideración de administracións públicas competentes en materia de turismo as seguintes:

a) A Administración da Xunta de Galicia.

b) Os concellos.

c) As entidades locais supramunicipais.

d) Os organismos autónomos e as entidades de dereito público constituídas por calquera das administracións indicadas, ou adscritas a elas, para o exercicio das competencias que afecten o sector turístico.

2. As competencias das administracións turísticas mencionadas no punto 1, sempre que non supoñan o exercicio de autoridade pública, poderán exercerse a través de sociedades mercantís públicas ou recorrendo a outras fórmulas de dereito privado, conforme o establecido pola lexislación aplicable en cada caso.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

3. As entidades supramunicipais que fosen creadas expresamente co fin da promoción ou xestión turística conxunta por concellos integrantes dunha área con afinidades en canto á explotación turística en ningún caso poderán estar participadas polas deputacións provinciais.

Artigo 4. Competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Correspóndenlle á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellaría competente en materia de turismo, entre outras, as seguintes atribucións:

a) A planificación e a execución de medidas de ordenación do sector turístico de Galicia, así como a coordinación das actuacións que neste eido poidan desenvolver as entidades locais e supramunicipais.

b) A protección e a preservación dos recursos turísticos existentes e o fomento da creación de novos produtos turísticos.

c) A promoción e a protección da imaxe de Galicia como marca turística.

d) A declaración de municipios turísticos e festas de interese turístico, así como a definición e a creación de xeodestinos e a declaración de territorios de preferente actuación turística.

e) A potenciación do ensino do turismo e da formación e perfeccionamento das profesionais e dos profesionais do sector, acompañada de políticas sectoriais, que teñan como obxecto promover o emprego estable e de calidade no sector.

f) O exercicio das potestades administrativas de planificación, programación, fomento, inspección e sanción previstas nesta lei.

g) A xestión do Rexistro de Establecementos e Actividades Turísticas de Galicia.

h) A elaboración de estatísticas turísticas e estudos relacionados coa materia, segundo a normativa estatística de Galicia.

i) A elaboración e a aprobación dos plans precisos para a determinación e a priorización dos obxectivos que haxa que acadar para o desenvolvemento turístico de Galicia.

j) O exercicio de potestades administrativas vinculadas á protección das empresas turísticas legalmente constituídas e á defensa da súa actividade fronte ao intrusismo.

k) A promoción e sinalización dos Camiños de Santiago, así como a súa conservación e mantemento en colaboración con outras administracións públicas.

Os actos relacionados coa sinalización, así como coa conservación e o mantemento da traza dos Camiños de Santiago, que promova a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia estarán suxeitos a control municipal por medio de comunicación previa. En todos os

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

casos será necesaria a autorización previa da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, contando co informe vinculante previo da entidade pública instrumental con competencias en turismo.

l) Calquera outra competencia en materia de turismo que se lle atribúa nesta lei ou noutra normativa aplicable.

Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

Artigo modificado: Título do artigo 4 nova redacción por artigo 40 apartado un.

Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 4 nova redacción por artigo 40 apartado dous.

Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 4 letra k) nova redacción por artigo 40 apartado tres.

Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 4 letra l) engadida por artigo 40 apartado catro.

Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 4 apartado k) nova redacción por artigo 33 apartado un.

Artigo 5. Competencias municipais.

Correspóndenlles aos concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, as seguintes atribucións:

a) A protección e a promoción dos recursos turísticos do seu termo municipal.

b) O desenvolvemento de infraestruturas turísticas no ámbito da súa competencia.

c) Promover a declaración de municipio turístico e de festas de interese turístico.

d) A potenciación e a promoción da denominación de xeodestino, segundo a definición contida no artigo 23.1, do que formen parte, sempre baixo a marca turística «Galicia».

e) A colaboración coa Administración autonómica en proxectos e iniciativas de fomento e promoción turística instrumentada a través de fórmulas cooperativas axeitadas en cada caso.

f) A posibilidade de participación, por instancia da Administración autonómica, no proceso de elaboración de plans de ordenación, promoción e investimento en materia turística.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

g) O exercicio das competencias turísticas que lles sexan atribuídas pola Administración da Xunta de Galicia, de acordo co establecido pola lexislación de réxime local.

h) A colaboración coa Xunta de Galicia na protección dos dereitos das usuarias e dos usuarios turísticos.

Artigo 6. Competencias das entidades locais supramunicipais.

1. Correspóndenlles ás entidades locais supramunicipais, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, as seguintes atribucións:

a) A promoción dos recursos turísticos e xeodestinos, segundo a definición contida no artigo 23.1, que se determinen dentro do seu ámbito territorial, en coordinación con todos os entes locais afectados e coa Administración autonómica.

b) O asesoramento e o apoio técnico aos entes locais do seu ámbito territorial en calquera aspecto que mellore a súa competitividade turística.

c) A articulación, a coordinación e o fomento das estratexias de promoción derivadas do ámbito privado do sector turístico.

d) A contribución, por instancia da Administración autonómica, á formulación dos instrumentos de planificación turística.

2. As entidades locais supramunicipais exercerán as súas competencias turísticas en coordinación coa consellaría competente en materia de turismo e coas demais administracións do seu ámbito territorial.

Artigo 7. Consello do Turismo de Galicia.

1. Créase o Consello do Turismo de Galicia, adscrito á consellaría competente en materia de turismo, como órgano colexiado e de asesoramento, apoio e proposta para os asuntos referidos á ordenación, á promoción, ao fomento e ao desenvolvemento do turismo.

2. Son funcións do Consello do Turismo de Galicia:

a) Emitir informe, con carácter previo á súa aprobación, sobre as disposicións regulamentarias que se diten en desenvolvemento desta lei.

b) Emitir os informes e as consultas que, sobre plans e proxectos en materia turística, lle sexan solicitados por calquera das administracións públicas de Galicia.

c) Emitir informe con carácter preceptivo sobre os plans sectoriais de interese xeral.

d) Facer suxestións ás administracións públicas de Galicia en canto á adecuación do sector turístico á demanda turística e á realidade social.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

e) Elaborar un informe anual sobre a situación turística de Galicia.

f) Propoñer liñas de investigación e estudo sobre cuestións de interese para o turismo de Galicia.

g) Calquera outra que regulamentariamente se lle atribúa ou se lle delegue.

3. O Consello do Turismo de Galicia estará integrado por unha presidenta ou presidente, unha vicepresidenta ou vicepresidente e un número máximo de vinte e cinco vogais, que representarán ás administracións públicas con competencias en materia turística, ás organizacións máis representativas do sector turístico, sindical e de protección ao consumidor e usuario e a aqueloutras institucións públicas ou privadas que se determinen regulamentariamente.

4. O réxime de elección dos membros do consello, a organización e o funcionamento interno serán obxecto de desenvolvemento regulamentario. Procurarase neste órgano a composición de xénero equilibrada segundo o previsto na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, e na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Artigo 8. Rede Galega de Oficinas de Turismo.

1. Son oficinas de turismo aquelas dependencias abertas ao público en xeral nas que, de xeito habitual e profesional, se facilita orientación, asistencia e información turística.

2. Co fin de fomentar a imaxe de Galicia como marca turística e proporcionar unha información veraz, completa e homoxénea axeitada ás necesidades das persoas visitantes, créase a Rede Galega de Oficinas de Turismo, que estará integrada polas oficinas de turismo de titularidade da Xunta de Galicia e por aqueloutras de titularidade maioritariamente pública que voluntariamente se integren nela.

3. Por orde da persoa titular da consellaría competente en materia de turismo estableceranse os requisitos que deben cumprir as oficinas que integren a Rede Galega de Oficinas de Turismo, o procedemento para solicitar a adhesión voluntaria á Rede e os efectos da integración.

Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 8 apartado 3 nova redacción por artigo 40 apartado cinco.

Artigo 9. Comunidades galegas no exterior.

1. Sen prexuízo das competencias da Administración xeral do Estado e co fin de complementar a actuación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no exterior en materia turística, que se leva a cabo a través das delegacións da Xunta de Galicia no exterior, poderanse subscribir acordos coas entidades representativas das comunidades

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

galegas no exterior, como vehículo preferente de promoción turística fóra das nosas fronteiras.

2. A Xunta de Galicia garantiralles a estas comunidades e ás federacións, unións e confederacións nas que se agrupen o acceso á información sobre as disposicións e a actividade dos seus órganos en materia de turismo e promoverá a colaboración destas coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa lexislación aplicable na materia, para reforzar a presenza da Comunidade Autónoma no exterior, podendo prestar os servizos que se lles encomenden no ámbito da promoción turística de Galicia e establecendo, se é o caso, axudas públicas dirixidas a elas.

TÍTULO II Dereitos e obrigas da usuaria e do usuario turísticos

Artigo 10. Concepto de usuaria ou usuario turísticos.

As usuarias e os usuarios turísticos son as persoas físicas ou xurídicas que adquiren ou consomen algún produto ou servizo turístico ou que, como destinatarios finais, os utilizan ou manifestan inequivocamente a demanda da súa utilización.

Artigo 11. Dereitos das usuarias e dos usuarios turísticos.

As usuarias e os usuarios turísticos terán os dereitos que a seguir se enumeran, con independencia doutros recoñecidos pola normativa xeral:

a) Dereito de información.

b) Dereito á calidade dos bens e servizos adquiridos.

c) Dereito á seguranza.

d) Dereito á tranquilidade e á intimidade.

e) Dereito a formular queixas e reclamacións.

f) Dereito de non discriminación.

Artigo 12. Dereito de información.

1. A usuaria ou o usuario turístico ten dereito a recibir información comprensible, veraz, obxectiva e completa sobre as características e o prezo dos produtos e servizos que se lle ofrecen antes de contratalos. A dita información será vinculante para o oferente nos termos establecidos na lexislación protectora das consumidoras e dos consumidores.

2. A usuaria ou o usuario turístico ten dereito a obter da outra parte contratante todos os documentos que acrediten os termos da contratación, así como as facturas emitidas, cando sexan legalmente esixibles.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

3. A usuaria ou o usuario turístico ten dereito a esixir que, nun lugar de fácil visibilidade, se exhiban publicamente os distintivos acreditativos da clasificación do establecemento, a capacidade, os prezos dos servizos ofertados e calquera outra variable de actividade, así como os símbolos de calidade normalizados e o réxime de uso de servizos e instalacións.

4. A usuaria ou o usuario turístico ten dereito a ser protexido fronte á información ou publicidade enganosa conforme a normativa vixente e a recibir a prestación ou o servizo turístico nas condicións acordadas ou anunciadas, ou ben a unha indemnización polos danos e perdas ocasionados.

Artigo 13. Dereito á calidade dos bens e servizos adquiridos.

A usuaria ou o usuario turístico ten dereito á calidade do servizo, de acordo co tipo de establecemento e publicidade efectuada e nos termos do previsto no artigo 32 desta lei.

Artigo 14. Dereito á seguranza.

1. A usuaria ou o usuario turístico ten dereito á seguranza da súa persoa e dos seus bens, de acordo co establecido na lexislación vixente.

2. A usuaria ou o usuario turístico ten dereito a ser informado pola empresaria ou polo empresario turístico de calquera risco previsible que puider derivar do uso normal das instalacións e dos servizos, tendo en conta a súa natureza e as circunstancias persoais que poidan concorrer na persoa usuaria.

Artigo 15. Dereito á tranquilidade e á intimidade.

A usuaria ou o usuario turístico ten dereito á tranquilidade e á intimidade de acordo coas características do establecemento de que se trate.

Artigo 16. Dereito a formular queixas e reclamacións.

1. A usuaria ou o usuario turístico ten dereito a formular queixas e reclamacións de acordo co establecido nesta lei. As empresas turísticas están obrigadas a ter nos seus establecementos follas de reclamacións facilitadas pola Administración da Xunta de Galicia. A súa existencia deberá ser anunciada de forma visible e inequívoca e deberanlles ser entregadas, de xeito inmediato, ás usuarias e aos usuarios cando as soliciten e, de ser o caso, logo do pagamento dos servizos prestados. As características e o procedemento para a tramitación das follas de reclamacións determinaranse regulamentariamente.

2. A usuaria ou o usuario turístico, de acordo co establecido pola lexislación aplicable, poderá solicitar a intervención dos órganos arbitrais, os cales están obrigados a levar a cabo todas as actuacións pertinentes para darlle resposta á súa solicitude.

Artigo 17. Dereito de non discriminación.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

A usuaria ou o usuario turístico ten dereito a non sufrir discriminación no acceso aos establecementos das empresas turísticas e na prestación de servizos turísticos por razóns de discapacidade, raza, lingua, nacionalidade, lugar de procedencia ou residencia, sexo, opción sexual, relixión, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social, de acordo co que establece a Constitución e demais normativa específica sobre a materia.

Artigo 18. Dereitos das usuarias e dos usuarios turísticos ante a administración.

1. A usuaria ou o usuario turístico ten dereito a obter da administración pública competente información obxectiva e veraz sobre os distintos aspectos do conxunto da oferta turística de Galicia no ámbito das súas respectivas competencias.

2. A usuaria ou o usuario turístico ten dereito a que a administración pública competente procure a máxima eficacia na atención e tramitación das súas queixas e reclamacións.

3. A usuaria ou o usuario turístico poderá presentar as queixas e as reclamacións dirixidas á administración pública competente nos termos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 19. Obrigas das usuarias e dos usuarios turísticos.

A usuaria ou o usuario turístico terá as seguintes obrigas:

a) Respectar o ámbito social e cultural e o medio ambiente.

b) Respectar, no desenvolvemento das actividades turísticas, os servizos e os recursos turísticos que se poñan á súa disposición, sendo responsable dos danos que cause.

c) Pagar o prezo dos servizos efectivamente recibidos no lugar, no tempo e na forma pactados, sen que a presentación dunha queixa ou dunha reclamación sexa causa de exención.

d) Cumprir as prescricións e as regras particulares dos lugares obxecto de visita e das empresas prestadoras do servizo turístico de que se trate, sempre que non sexan contrarias ao establecido na lexislación vixente.

e) Comunicar ao prestador do servizo as queixas e as suxestións pertinentes, de ser posible, antes de finalizar o seu consumo, sen prexuízo do dereito de formulación de queixas ou reclamacións

TÍTULO III Dos recursos, da organización e da calidade turísticos

Artigo 20. Obxectivos xerais.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

1. A Xunta de Galicia, a través da consellaría competente en materia de turismo, propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial, consolidando as áreas turísticas actuais con implantación nos mercados e desenvolvendo novos espazos con produtos singulares e diferenciadores, todo iso en consonancia coa procura da excelencia e da calidade de servizos para facer do destino Galicia un referente turístico internacional.

2. Para acadar este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.

Artigo 21. Recursos e produtos turísticos

1. Son recursos turísticos todos os bens materiais e inmateriais e as manifestacións da realidade física, social, histórica e cultural de Galicia que poidan xerar ou incrementar de xeito directo ou indirecto os fluxos turísticos tanto do interior como do exterior da nosa comunidade, propiciando repercusións económicas favorables.

2. Son produtos turísticos todos os bens, servizos ou actividades susceptibles de comercialización mediante contraprestación económica que teñen por finalidade satisfacer a demanda das persoas usuarias turísticas.

3. Por orde da persoa titular da consellaría competente en materia de turismo poderán establecerse as características e os requisitos daqueles recursos ou produtos turísticos de interese para a Comunidade Autónoma.

Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 21 nova redacción por artigo 40 apartado seis.

Artigo 22. Plan de organización turística de Galicia.

1. Para unha axeitada ordenación do turismo de Galicia, a Xunta de Galicia elaborará o Plan de organización turística de Galicia, establecendo as áreas turísticas nas que se estruturará o territorio da Comunidade Autónoma, para definir actuacións de planificación, organización, investimento e promoción, co obxectivo de mellorar a oferta turística, a eficiencia do gasto público, a colaboración interadministrativa e a participación empresarial.

2. A Xunta de Galicia promoverá o dito plan, en consonancia cos instrumentos de ordenación do territorio e en particular cos plans e proxectos sectoriais, co fin de definir a implantación territorial das infraestruturas, dotacións e instalacións necesarias relacionadas co sector turístico.

3. A elaboración do plan levarase a cabo en colaboración coas administracións competentes en materia de turismo e contará co informe preceptivo do Consello do Turismo de Galicia.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

4. A formulación e a elaboración do Plan de turismo de Galicia e as súas modificacións ou revisións son competencia do departamento responsable de turismo da Xunta de Galicia.

5. O Plan de turismo de Galicia estará suxeito á revisión, se as circunstancias o xustifican ou cando se modifiquen as directrices xerais de ordenación do territorio.

Artigo 23. Xeodestinos turísticos.

1. Para os efectos desta lei, enténdese por xeodestinos turísticos as áreas ou os espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular.

2. A consellaría competente en materia de turismo, no exercicio das súas competencias de planificación, ordenación e fomento da actividade turística, poderá definir e crear denominacións de xeodestinos turísticos, por proposta do órgano directivo competente en materia de turismo, que terá en conta as especiais características do territorio afectado pola denominación, as infraestruturas turísticas existentes e os seus recursos turísticos, así como o seu potencial desenvolvemento en produtos ou segmentos turísticos altamente competitivos e calquera outra circunstancia que se determine regulamentariamente.

3. Con carácter previo á definición e creación da denominación de xeodestino, a consellaría competente en materia de turismo consultará esta proposta cos concellos e coas entidades supramunicipais interesadas.

4. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, logo da súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

Artigo 24. Territorios de preferente actuación turística.

1. Os territorios que polas súas especiais características demanden unha actuación específica e singular das administracións públicas con competencias en materia turística, co fin de garantir a execución dunha política turística común e especial, poderán ser declarados territorios de preferente actuación turística.

2. Para que un territorio sexa declarado de preferente actuación turística será preciso que nel concorran os requisitos que se establezan regulamentariamente e, en todo caso, os seguintes:

a) Que dispoña de recursos de interese turístico así avaliados en cada caso pola Administración autonómica.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

b) Que o planeamento urbanístico, de cada un dos territorios, de ser o caso, teña previsto o solo preciso para a dotación dos equipamentos turísticos necesarios para a execución das políticas turísticas que se formulen.

Artigo 25. Procedemento de declaración de territorio de preferente actuación turística.

1. O procedemento para a declaración de territorio de preferente actuación turística poderá ser iniciado por solicitude do concello ou dos concellos interesados mediante acordo das respectivas corporacións, ou de oficio pola consellaría competente en materia de turismo, con audiencia aos concellos afectados.

2. A declaración como territorio de preferente actuación turística será efectuada pola consellaría competente en materia de turismo, por proposta do órgano directivo competente en materia de turismo.

3. A citada declaración comportará a aprobación dun plan de actuación integral sobre este, que se formalizará a través dos oportunos mecanismos de cooperación interadministrativa entre a consellaría competente en materia de turismo, a entidade ou as entidades locais afectadas e as asociacións e os organismos correspondentes. En todo caso, garantirase a participación do Consello do Turismo de Galicia.

Artigo 26. Contido do plan de actuación integral.

1. O plan de actuación integral do territorio de preferente actuación turística terá, como mínimo, o seguinte contido:

a) A catalogación dos recursos de interese turístico existentes.

b) A consideración de cada un dos camiños de Santiago recoñecidos oficialmente, en especial o Camiño Francés, por ser un recurso turístico singular do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) As propostas de reforma do planeamento urbanístico precisas para a dotación dos equipamentos turísticos.

d) A concreción dos usos turísticos previstos para o desenvolvemento do plan.

e) Os recursos económicos precisos para o seu desenvolvemento.

f) Os prazos de execución dos programas de actuación turística previstos nel.

g) As medidas necesarias para garantir a adecuada protección dos recursos culturais e patrimoniais existentes.

h) As previsións organizativas precisas para o seu desenvolvemento.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

2. Nos territorios de preferente actuación turística o plan de actuación integral contará con programas específicos de protección medioambiental co fin de lograr, entre outros, os seguintes obxectivos:

a) Evitar a degradación ou a destrución do medio natural e procurar o seu correcto aproveitamento.

b) Potenciar condutas responsables ecoloxicamente en todos os axentes que interveñen no sector do turismo.

c) Preservar os recursos naturais non renovables, coa redución do seu consumo no posible, así como evitar a súa contaminación.

d) Acomodar o desenvolvemento turístico ao contorno físico, ao espazo e á estética, sendo respectuosos coa historia e coa cultura galega. Do mesmo xeito, serase especialmente respectuoso coas tradicións de cada zona.

e) Garantir o equilibrio do medio natural na utilización dos servizos turísticos.

Artigo 27. Declaración de municipios turísticos.

A Xunta de Galicia poderá declarar municipios turísticos aqueles que cumpran cos requisitos que se fixen por vía regulamentaria e, como mínimo, os seguintes:

a) Que a media ponderada anual de poboación turística sexa superior ao 25% do número de veciños.

b) Que o número de prazas de aloxamento turístico e de prazas de segunda residencia sexa superior ao 50% do número de veciños.

c) Que acrediten contar, dentro do seu territorio, con algún recurso ou servizo turístico susceptible de producir unha atracción turística que xere unha cantidade de visitantes cinco veces superior á súa poboación, computada ao longo dun ano e repartida, cando menos, en máis de trinta días.

Artigo 28. Servizos mínimos dos municipios turísticos.

1. Sen prexuízo dos servizos mínimos que, conforme a lexislación reguladora do réxime local, deban prestar os municipios e das competencias que lles correspondan a outras administracións públicas, os concellos turísticos deben prestar os seguintes servizos:

a) A protección da salubridade pública e da hixiene en todo o territorio municipal, incluídas praias e costas.

b) A protección civil e a seguranza cidadá.

c) A promoción e a protección dos recursos turísticos do concello.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

d) A sinalización turística e a de información xeral.

e) A atención e a orientación ás usuarias e aos usuarios turísticos, mediante unha oficina de información que deberá estar aberta todo o ano e contar con persoal cualificado para desempeñar esta tarefa.

f) A posta á disposición das usuarias e dos usuarios turísticos dun servizo de acceso á internet, de utilización momentánea, na oficina de información turística ou noutros puntos de consulta abertos ao público.

g) As funcións ambientais que lles correspondan de acordo coa normativa sectorial.

h) O desenvolvemento das políticas activas en infraestruturas e urbanismo para favorecer contornos agradables e turisticamente atractivos, especialmente nos núcleos históricos, conservando os tipos arquitectónicos galegos.

2. Os municipios turísticos deben prestar ademais os servizos mínimos que se correspondan co volume de poboación resultante de sumar o número de residentes coa media ponderada anual de poboación turística. Tamén poden establecer, de acordo coa lexislación de réxime local, e en función das súas necesidades, outros servizos complementarios que poidan prestar temporalmente, ou con varias intensidades, en función da afluencia turística.

Artigo 29. Efectos da declaración de municipio turístico.

Os municipios turísticos e os suxeitos turísticos que prestan neles os seus servizos deben ser obxecto de atención preferente nos seguintes ámbitos:

a) Na elaboración dos plans e programas turísticos das administracións supramunicipais e da Administración da Xunta de Galicia.

b) Nas liñas e medidas de fomento económico establecidas pola Administración da Xunta de Galicia e polas deputacións provinciais.

c) Nas actividades da Administración da Xunta de Galicia dirixidas á promoción interior e exterior do turismo e ao fomento da imaxe de Galicia como oferta ou marca turística global.

d) Nas políticas de implantación ou de mellora de infraestruturas e servizos que incidan notoriamente no turismo e sexan impulsadas polos distintos departamentos da Administración da Xunta de Galicia.

Artigo 30. Perda da condición de municipio turístico.

1. A perda da condición de municipio turístico producirase cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Se o solicita o concello interesado.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

b) Se deixan de darse as circunstancias que o motivaron.

c) Se o concello non presta os servizos mínimos inherentes á condición de municipio turístico.

2. Será obxecto de desenvolvemento regulamentario o establecemento dos requisitos e o procedemento para a perda de tal condición, que nos supostos b) e c) do punto anterior incluirá a audiencia ao concello afectado.

Artigo 31. Galicia como marca turística.

1. Na promoción dos recursos turísticos impulsarase a proxección interior e exterior de Galicia como marca turística global que integra as demais marcas turísticas galegas.

2. A Administración da Xunta de Galicia promocionará a imaxe de Galicia como marca turística global nos mercados que considere adecuados. Nesta actividade poderán colaborar as entidades municipais e supramunicipais e outras entidades privadas reflectindo a pluralidade da oferta turística galega dentro do marco definido pola Administración autonómica.

3. No exercicio das funcións de coordinación que lle corresponden e nos termos establecidos pola lexislación de réxime local, a Administración da Xunta de Galicia poderá declarar obrigatoria a inclusión do nome «Galicia», e dos logotipos e lemas que se establezan, nas campañas de promoción impulsadas polas entidades locais galegas.

4. A Administración da Xunta de Galicia poderá declarar obrigatoria a inclusión do nome «Galicia», e dos logotipos e lemas que se establezan, nas campañas de promoción impulsadas por empresas e asociacións turísticas levadas a cabo con fondos públicos.

Artigo 32. Da calidade turística.

A Administración da Xunta de Galicia velará por unha elevación da calidade dos servizos, o que se concretará, entre outras, nas seguintes accións:

a) Corrixir as deficiencias da infraestrutura, das instalacións e dos equipamentos turísticos.

b) Conseguir un trato adecuado na prestación dos servizos turísticos.

c) Facilitar unha maior profesionalización das persoas que traballen no sector, así como o seu acceso a unha formación continua.

d) Apoiar sistemas de certificación de calidade.

e) Difundir distintivos e marcas de calidade.

f) En xeral, calquera acción pública ou de apoio da iniciativa privada dirixida a obter a excelencia na prestación das actividades turísticas.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

TÍTULO IV Da ordenación das empresas turísticas

CAPÍTULO I Dos dereitos e das obrigas das empresas turísticas

Artigo 33. Concepto.

1. Son empresas turísticas as que, de xeito habitual e profesional, prestan servizos, mediante contraprestación económica, no ámbito da actividade turística de aloxamento, restauración e intermediación ou en relación con calquera outro tipo de servizos que poidan ser cualificados como turísticos pola Administración autonómica.

2. Os locais e as instalacións abertas ao público onde as empresas turísticas prestan os seus servizos terán a consideración de establecementos turísticos e deberán cumprir as condicións que para eles sexan fixadas nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 34. Dereitos das empresarias e dos empresarios turísticos.

As empresarias e os empresarios turísticos gozarán dos dereitos que a seguir se enumeran, sen prexuízo do previsto noutras disposicións que sexan aplicables:

a) A que se inclúa información sobre os seus establecementos e a súa oferta de actividades nos catálogos, directorios e guías, calquera que for o seu soporte, da Administración da Xunta de Galicia e, nos termos que estas establezan, das demais administracións.

b) A incorporarse ás actividades de promoción turística que leven a cabo as administracións públicas, nas condicións fixadas por elas.

c) A solicitar as axudas, as subvencións e os incentivos promovidos polas administracións públicas para o desenvolvemento do sector.

d) A participar, a través das súas asociacións, no proceso de adopción de decisións públicas en relación co turismo e nos órganos colexiados representativos dos seus intereses previstos nesta lei.

e) A impulsar, a través das súas asociacións, o desenvolvemento e a execución de programas de cooperación pública, privada e social de interese xeral para o sector turístico.

f) A propoñer, a través das súas asociacións, a realización de estudos, investigacións e publicacións que contribúan á mellora do desenvolvemento da empresa turística na comunidade autónoma.

g) A propoñer, a través das súas asociacións, calquera outra acción non citada anteriormente que poida contribuír ao fomento e ao desenvolvemento turísticos.

Artigo 35. Obrigas das empresarias e dos empresarios turísticos.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

As empresarias e os empresarios turísticos estarán obrigados a:

a) Comunicar á Administración autonómica competente, con carácter previo, o inicio da actividade turística segundo os requisitos que establece esta lei e a normativa que a desenvolva ou, se é o caso, contar coas autorizacións precisas que establece esta lei.

b) Comunicar á Administración autonómica, nos termos establecidos nesta lei, as modificacións ou reformas.

c) Prestar os servizos aos que estean obrigados en función da clasificación das súas empresas e dos seus establecementos turísticos, nas condicións ofertadas ou pactadas coas usuarias e cos usuarios turísticos, de conformidade co disposto nesta lei e nos regulamentos que se diten para tal efecto.

d) Velar polo bo estado xeral das dependencias e do mantemento das instalacións e servizos do establecemento e garantirlles un trato correcto ás usuarias e aos usuarios turísticos.

e) Informar previamente con obxectividade e veracidade ás usuarias e aos usuarios turísticos sobre o réxime de uso dos servizos e instalacións que se ofertan no establecemento, as súas condicións de prestación e o seu prezo e forma de pagamento, así como proporcionarlles os demais datos e informacións que estableza a normativa turística.

f) Exhibir os prezos dos servizos ofertados nun lugar visible e de modo lexible, con indicación clara da inclusión do imposto sobre o valor engadido, xunto co distintivo correspondente á clasificación do establecemento.

g) Ter á disposición das usuarias e dos usuarios turísticos follas de reclamacións turísticas e entregar un exemplar cando llelo soliciten.

h) Facturar detalladamente os servizos de conformidade cos prezos ofertados ou pactados.

i) Dispoñer dos libros e demais documentos que sexan esixidos pola lexislación vixente.

j) Garantirlles a accesibilidade e a adaptación das instalacións dos establecementos ás persoas discapacitadas segundo o disposto no ordenamento xurídico.

k) Permitir o acceso libre e público e non discriminar as usuarias e os usuarios turísticos por razón de raza, lugar de procedencia, sexo, opción sexual, relixión, opinión, discapacidade ou calquera outra circunstancia persoal ou social, de acordo co que establece a Constitución e demais normativa específica sobre a materia.

l) Proporcionarlles ás administracións públicas a información e a documentación necesarias para o exercicio das súas atribucións legalmente recoñecidas.

m) Subscribir e manter vixentes os seguros de responsabilidade civil para os establecementos de aloxamento turístico e de restauración, así como as garantías esixidas pola normativa turística para as empresas de intermediación.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

n) Colaborar na protección dos recursos de interese turístico.

ñ) Non aceptar a contratación de servizos que non poidan atender nas condicións pactadas. Os titulares dos establecementos turísticos que incorresen en sobrecontratación estarán obrigados a proporcionar os devanditos servizos en condicións iguais ou superiores ás pactadas e a sufragar os gastos suplementarios derivados da sobrecontratación ou a devolver a diferenza á usuaria ou ao usuario no caso de que os gastos do servizo substitutivo sexan menores que os contratados inicialmente.

o) Dar resposta ás reclamacións e queixas interpostas polos usuarios ou usuarias turísticos no prazo máximo dun mes desde a súa recepción, dando traslado da resposta á Administración da Xunta de Galicia.

CAPÍTULO II Aspectos básicos para o desenvolvemento da actividade turística

Artigo 36. Liberdade de empresa, de establecemento e de prestación de servizos.

1. O exercicio da actividade turística empresarial é libre, sen outras limitacións que as establecidas nesta lei e nas demais normas aplicables, de conformidade coa lexislación civil e mercantil.

2. Calquera prestador de servizos turísticos poderá establecerse libremente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia sen máis limitacións que as derivadas do cumprimento das normas legais e regulamentarias que lle sexan aplicables.

3. As empresas de intermediación e as ou os guías de turismo que exerzan unha actividade turística legalmente noutra Comunidade Autónoma ou noutro Estado membro da Unión Europea poderán desenvolvela en Galicia de acordo co disposto nesta lei.

4. Para os efectos de liberdade de establecemento e de prestación de servizos, considéranse prestadores de servizos turísticos os que se dediquen en nome propio de maneira habitual e remunerada á prestación dalgún servizo turístico conforme a normativa aplicable.

A habitualidade presumirase respecto daqueles que ofrezan a prestación de servizos turísticos a través de calquera medio publicitario ou cando se preste o servizo nunha ou varias ocasións dentro do mesmo ano por tempo que, en conxunto, exceda un mes, agás que regulamentariamente se determine outro para determinados servizos turísticos, en razón das súas peculiaridades.

Artigo 37. Protección dos dereitos das persoas na actividade turística.

A configuración e a divulgación dos produtos turísticos ou a prestación doutros servizos turísticos por parte das empresas non poderán conter como elemento de reclamo a explotación sexual das persoas ou calquera outro aspecto que afecte a súa dignidade, de acordo co previsto no Código ético mundial para o turismo, e coidarán especialmente a

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

utilización non sexista da linguaxe e/ou das imaxes na publicidade das accións subvencionadas, especialmente na internet.

Artigo 38. Protección do patrimonio natural e cultural de Galicia.

As actividades turísticas respectarán, conservarán e difundirán os costumes e as tradicións galegas e a súa riqueza cultural, preservarán o seu patrimonio cultural e natural e procurarán a harmonía con outros sectores produtivos.

Atendendo a importancia que ten o turismo cultural, a Administración galega incentivará os investimentos con vocación turística en bens histórico-culturais como vía de rehabilitación e recuperación do patrimonio.

Artigo 39. Intrusismo profesional.

A realización ou a publicidade, por calquera medio de difusión, dos servizos propios das empresas turísticas en contravención dos requisitos que lles son esixibles para o inicio das súas actividades terán a consideración de intrusismo profesional e sancionaranse administrativamente consonte o previsto nesta lei. A Administración galega vixiará en especial o intrusismo profesional derivado do uso das novas tecnoloxías.

CAPÍTULO III Réxime para o exercicio de actividades e a prestación de servizos turísticos

Artigo 40. Clasificación.

1. Os establecementos turísticos clasifícanse de acordo co disposto nesta lei e nas disposicións regulamentarias que a desenvolvan.

2. A clasificación turística identifica o grupo, a categoría e/ou a modalidade do establecemento turístico atendendo, entre outras circunstancias, a súa situación territorial e as características e os servizos ofrecidos.

3. Queda prohibida a utilización de calquera denominación, clasificación, grupo, categoría ou modalidade reservada a establecementos turísticos sen a preceptiva habilitación.

Artigo 41. Réxime xeral de inicio da actividade turística.

1. A empresaria ou o empresario turístico que vaia iniciar e exercer unha actividade turística ou prestar un servizo turístico deberá presentar, antes do inicio das súas actividades, unha declaración responsable do cumprimento das condicións que resulten esixibles para o exercicio da actividade e a clasificación do correspondente establecemento e do seu mantemento durante o tempo no que se desenvolva a súa actividade, ante a xefatura territorial correspondente da consellaría competente en materia de turismo.

2. A empresaria ou o empresario turístico autoclasifícase mediante a presentación da declaración responsable nos termos do disposto neste artigo e queda habilitado, desde o día

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

da súa presentación, para o desenvolvemento da actividade de que se trate, sen prexuízo do cumprimento das demais obrigas esixidas noutras normas que lle resulten aplicables.

3. Porén, as persoas titulares dos establecementos regulados no artigo 80, así como as empresas de intermediación legalmente establecidas noutras comunidades autónomas ou estados membros da Unión Europea que queiran exercer a actividade en Galicia, só deberán comunicalo á consellaría competente en materia de turismo, para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Regulamentariamente determinaranse o modelo oficial de declaración responsable de inicio de actividade e a documentación que deba acompañala, así como o resto de documentación da que debe dispoñer a empresaria ou o empresario turístico e os termos e as condicións procedementais para a realización dos trámites referidos neste capítulo.

Artigo 42. Cambios substanciais nas actividades turísticas suxeitas á declaración responsable.

Considéranse cambios ou reformas substanciais os que afecten a clasificación turística, segundo os termos que se establezan regulamentariamente. A realización de calquera cambio ou reforma substancial require a presentación pola empresaria ou empresario turístico dunha declaración responsable.

Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 42 nova redacción por artigo 40 apartado sete.

Artigo 43. Comunicación de cambios non substanciais e cesamento da actividade.

1. A empresaria ou o empresario turístico, nos termos que se sinalen regulamentariamente, deberá comunicarlle á xefatura territorial correspondente da consellaría competente en materia de turismo a realización de calquera cambio ou reforma non substancial, así como o cesamento de actividade, no prazo máximo de dez días desde que se produza.

2. Considérase cambio ou reforma non substancial as modificacións relativas á titularidade, á denominación ou á escritura social ou calquera outra que non afecte as condicións esenciais da clasificación ou da autorización turística.

Artigo 44. Actuación administrativa de comprobación.

1. Presentada a declaración responsable debidamente formalizada, os órganos competentes en materia de turismo comprobarán o cumprimento dos requisitos establecidos nesta lei e nas normas regulamentarias que resulten aplicables, no prazo de tres meses contados desde a entrada da documentación completa, e resolverá sobre a conformidade ou non co declarado.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

2. A comprobación polos órganos competentes en materia de turismo da inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, dos datos declarados, así como a non presentación da declaración responsable, a indispoñibilidade da documentación preceptiva ou o incumprimento dos requisitos que resulten aplicables, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, en consonancia co disposto no artigo 106 desta lei, e sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houber lugar.

3. A dita actuación comportará, de ser o caso e logo da audiencia da persoa interesada, a resolución motivada de baixa do establecemento turístico, así como a cancelación da inscrición deste no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, a resolución que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga deste de restituír a situación xurídica ao momento previo ao exercicio da actividade correspondente, e deberá determinar, expresamente, a imposibilidade de presentar unha nova declaración responsable co mesmo obxecto durante o prazo mínimo de dous meses.

4. Para os efectos desta lei, considérase de carácter esencial aquela inexactitude, falsidade ou omisión en calquera dato, manifestación ou documento incorporado á declaración responsable que afecte á clasificación en canto ao grupo, á categoría e á modalidade, así como ás garantías, aos seguros e á documentación complementaria que, se é o caso, sexan esixibles polas normas regulamentarias.

Artigo 45. Réxime específico para os campamentos de turismo.

1. As empresas turísticas dedicadas ao aloxamento en campamentos de turismo, con anterioridade ao inicio das súas actividades, ou con ocasión da realización de modificacións ou reformas substanciais, deberán, nos termos que se sinalen regulamentariamente, solicitar do centro directivo da consellaría competente en materia de turismo a correspondente autorización para o seu exercicio ou para o outorgamento ou a modificación da súa clasificación. A mencionada autorización é independente doutras que deban ser concedidas por outros órganos administrativos, en virtude das súas respectivas competencias.

2. A falta de solicitude de autorización, tanto para o inicio da actividade como para efectuar modificacións e reformas substanciais, logo da comprobación da materialización destas, implicará as consecuencias sancionadoras recollidas nesta lei, así como a posibilidade da adopción da medida de peche recollida no artigo 106.

3. A autorización turística dun campamento de turismo, así como calquera tipo de cambio ou reforma substancial que afecte as condicións deste, resolveraos o centro directivo da consellaría competente en materia de turismo, logo da tramitación do oportuno procedemento, no prazo de tres meses contados desde a entrada da documentación completa á que fai referencia este artigo no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

4. Se transcorrido o devandito prazo non se producise a notificación dunha resolución expresa, a persoa interesada poderá entender estimada a súa solicitude.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

5. A resolución notificarase ao interesado, e, se esta é denegatoria, deberá ser motivada, podendo ser obxecto de recurso nos termos previstos na lexislación aplicable.

6. Respecto dos cambios non substanciais e do cesamento da actividade das empresas turísticas dedicadas ao aloxamento en campamentos de turismo, aplicarase o establecido no artigo 43 desta lei.

Artigo 46. Baixas de oficio e modificación da clasificación.

1. Establécese a baixa de oficio para as empresas turísticas que incumpran o deber de comunicar o cesamento da actividade segundo o disposto no artigo 43 desta lei.

2. As clasificacións comprobadas, así como as autorizacións outorgadas, poderán ser modificadas cando se incumpran ou desaparezan as circunstancias que as motivaron ou sobreveñan outras que xustifiquen a súa reclasificación ou denegación.

3. No caso de que se produza a modificación, a persoa interesada non poderá presentar unha nova declaración responsable ou solicitude de autorización ata que transcorra un prazo mínimo de dous meses desde a notificación da modificación.

Artigo 47. Tramitación electrónica.

Os procedementos previstos neste capítulo poderán substanciarse a través das novas tecnoloxías, conforme o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 48. Facultade de dispensa.

1. Excepcionalmente, logo da solicitude da persoa interesada, o centro directivo da consellaría competente en materia de turismo poderá dispensar do cumprimento dalgúns dos requisitos esixidos para a clasificación dun establecemento turístico mediante resolución motivada e logo do informe técnico.

2. A facultade de dispensa poderá aplicarse ás empresas turísticas con suxeición, se é o caso, ás prescricións técnicas e aos requisitos que, para tal fin, establezan as disposicións de desenvolvemento regulamentario desta lei.

Artigo 49. Informe potestativo previo.

1. As empresas turísticas que proxecten a apertura, construción ou modificación dun establecemento para uso turístico, antes de iniciar calquera tipo de actuación ou trámite ante o concello correspondente, poderán solicitar do centro directivo da consellaría competente en materia de turismo un informe relativo ao cumprimento dos requisitos mínimos de infraestrutura e servizos, que será emitido no prazo máximo de dous meses, con expresa inclusión do pronunciamento correspondente á clasificación que lle correspondería á empresa solicitante. A validez do informe será como máximo dun ano sempre que

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

permaneza en vigor a normativa turística respecto da que se emite informe no momento da emisión deste.

2. Do mesmo xeito, na tramitación das preceptivas licenzas municipais o concello correspondente poderá requirir ante a Administración da Xunta de Galicia o devandito informe.

Artigo 50. Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. O Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia é un rexistro público, de natureza administrativa, custodiado e xestionado pola consellaría competente en materia de turismo, co obxectivo fundamental de ter á disposición un censo das empresas e das actividades turísticas regulamentadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, así como daqueloutras que sexan consideradas pola Administración autonómica de conveniente inscrición, debido á súa incidencia turística, aínda que non lle incumba a súa regulamentación á dita administración, sempre que exerzan a súa actividade no ámbito territorial de Galicia e soliciten a inscrición.

2. Serán obxecto de inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) As empresas e os establecementos de aloxamento turístico.

b) As empresas e os establecementos de restauración turística.

c) As empresas e os establecementos de intermediación turística.

d) As guías e os guías de turismo.

e) As asociacións, as fundacións e os entes que teñan como finalidade fundamental o fomento e a promoción do turismo.

f) As oficinas de turismo de conformidade co establecido nesta lei.

g) As empresas de servizos turísticos complementarios.

h) Calquera outra actividade ou establecemento que pola súa relación co turismo se determine regulamentariamente.

3. Regulamentariamente fixaranse as normas de organización e funcionamento do rexistro e o procedemento e o contido das inscricións, así como a súa forma de acreditación.

Artigo 51. Inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

1. A inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas practicarase de oficio para as empresas turísticas ás que se refire o punto 2, letras a), b), c) e d), do artigo anterior, así como para as empresas de servizos complementarios das letras b) e c) do artigo 88 da presente lei, sempre que cumpran os requisitos establecidos neste capítulo.

Potestativamente, a consellaría competente en materia de turismo poderá inscribir no Rexistro outras actividades que, polos seus servizos, instalacións ou interese para o turismo, se consideren relevantes para seren incluídas na oferta turística, como as referidas nas letras e), f), g) e h) do artigo anterior.

2. Non é precisa a inscrición dos prestadores de servizos turísticos aos que se refire o título VI desta norma que estean legalmente establecidos noutras comunidades autónomas, así como noutros estados da Unión Europea que operen en réxime de libre prestación.

3. As empresas que cesen na súa actividade turística deberán comunicarllo, no prazo de dez días, á consellaría competente en materia de turismo, que cancelará a inscrición.

4. A consellaría competente en materia de turismo cancelará de oficio as inscricións no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia das empresas que incumpran o deber establecido no punto anterior e cuxa inactividade se constate e das empresas cuxa clasificación se modifique conforme o previsto no artigo 46 desta lei, logo da audiencia aos interesados.

Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 51 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado un.

Artigo 52. Réxime, comunicación e publicidade de prezos.

1. Os prezos de todos os aloxamentos turísticos e dos establecementos de restauración teñen o carácter de libres, e poden ser fixados e modificados polas empresas en calquera momento sen máis obriga que a de publicitalos, nos termos previstos na normativa vixente.

2. Regulamentariamente estableceranse as normas sobre facturación, publicidade de prezos, réxime de reservas, cesión e anulación de servizos turísticos e as indemnizacións ás que poidan dar lugar.

CAPÍTULO IV Das empresas de aloxamento turístico

Artigo 53. Concepto.

1. Son empresas de aloxamento turístico aquelas que, desde un establecemento aberto ao público, se dedican, de maneira profesional, habitual e mediante contraprestación

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

económica, a proporcionarlles aloxamento de forma temporal ás persoas, con ou sen prestación doutros servizos.

2. Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta lei as actividades de aloxamento que teñan fins institucionais, sociais, asistenciais, laborais, educacionais ou que se leven a cabo no marco de programas da administración dirixidos á infancia e á mocidade, á terceira idade, ás mulleres ou aos colectivos en situación de necesidade ou exclusión social ou a vítimas da violencia de xénero, en especial:

a) Os albergues de peregrinos de titularidade pública, que se rexen polas súas normas específicas.

b) Os albergues ou os campamentos xuvenís integrados na rede de albergues de xuventude, que se rexerán pola súa normativa específica.

c) Os establecementos dedicados a aloxamentos en cuartos colectivos por motivos escolares, docentes ou sociais, tales como áreas provisionais destinadas a eventos culturais, deportivos ou recreativos, que se rexerán polas súas normas específicas.

3. Non se considerarán empresas de aloxamento turístico aquelas que, tendo como obxecto aparente o sinalado no punto 1, teñan como finalidade inducir, promover, favorecer ou facilitar a explotación ou a comercialización sexual, o que se acreditará polos medios de proba que procedan en dereito.

Artigo 54. Principio de unidade de explotación.

Todas as empresas de aloxamento turístico deberán exercer a súa actividade baixo o principio de unidade de explotación.

Para os efectos desta lei, enténdese por principio de unidade de explotación a esixencia de sometemento a unha única responsabilidade empresarial, que recaerá no titular da empresa turística de aloxamento, respecto da prestación de todos os servizos que ofreza no establecemento, sen menoscabo da posibilidade de contratación da prestación de servizos a outros prestadores ou provedores.

Artigo 55. Tipos de establecementos de aloxamento turístico.

1. O exercicio da actividade turística de aloxamento poderá exercerse, nos termos regulados nesta lei, nalgún dos seguintes establecementos:

a) Establecementos hoteleiros.

b) Apartamentos e vivendas turísticas.

c) Campamentos de turismo.

d) Establecementos de turismo rural.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

e) Albergues turísticos.

f) Calquera outro que se fixe regulamentariamente.

2. Aos aloxamentos turísticos seranlles aplicables os requisitos que determinen as disposicións vixentes en materia de edificación e vivenda relativos ás condicións de salubridade, sen prexuízo das esixencias regulamentarias que en cada caso sexan aplicables e dos demais requisitos que se determinen nas disposicións vixentes.

Artigo 56. Establecementos hoteleiros.

1. Son establecementos hoteleiros, para os efectos desta lei, os aloxamentos turísticos situados nun ou en varios edificios próximos, ou en parte deles.

2. Dividiranse nos seguintes grupos:

a) Grupo I: hoteis.

b) Grupo II: pensións.

Artigo 57. Hoteis.

Son hoteis aqueles establecementos que ofrezan aloxamento, con ou sen comedor e outros servizos complementarios, que ocupen a totalidade dun ou de varios edificios, ou unha parte independizada deles, cuxas dependencias constitúan unha explotación homoxénea, con entradas, escaleiras e ascensores de uso exclusivo, e que reúnan os requisitos técnicos mínimos en función da súa categoría, que se determinarán regulamentariamente.

Artigo 58. Clasificación.

1. Os hoteis clasificaranse en cinco categorías identificadas por estrelas, consonte as condicións establecidas regulamentariamente, segundo os servizos ofertados, o confort, o equipamento dos cuartos, as condicións das instalacións comúns, os servizos complementarios e o persoal de servizo, e calquera outra que se fixe regulamentariamente.

2. Os establecementos do grupo de hoteis clasifícanse, con carácter obrigatorio, nalgunha das modalidades seguintes:

a) Hoteis.

b) Hoteis apartamento.

c) Hoteis balneario.

d) Hoteis talaso.

e) Calquera outra que se fixe regulamentariamente.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Artigo 59. Hotel apartamento.

Son hoteis apartamento aqueles que, reunindo os requisitos esixidos para os hoteis, conten ademais cun mínimo dun 70% de unidades aloxativas nas que pola súa estrutura e servizos dispoñan das instalacións adecuadas para a conservación, elaboración e consumo de alimentos. Cada unha destas unidades de aloxamento deberá contar, como mínimo, con dormitorio, salón comedor, baño ou aseo e cociña.

Artigo 60. Hotel balneario.

Son hoteis balneario aqueles establecementos que, reunindo os requisitos esixidos aos hoteis, conten, ademais, con instalacións balnearias, de acordo coa definición de balneario establecida na normativa sectorial autonómica.

Unicamente as empresas e os establecementos que, estando autorizados como establecementos sanitarios, cumpran as condicións legalmente esixidas para exercer o dereito de aproveitamento das augas mineromedicinais ou termais de Galicia poderán empregar na súa denominación e oferta de servizos as palabras «balneario», «termas» e os seus derivados.

Artigo 61. Hotel talaso.

Son hoteis talaso aqueles establecementos hoteleiros que conten con instalacións de tratamento de auga do mar como elemento diferenciador da súa oferta e demais requisitos que sinale a normativa que os regule.

Artigo 62. Pensións.

1. Son pensións aqueles establecementos que ofrezan aloxamento con ou sen comedor e outros servizos complementarios e teñan unha estrutura e unhas características que lles impidan acadar os requisitos e as condicións esixidas para os hoteis.

2. As pensións clasificaranse en tres categorías identificadas por estrelas, consonte as condicións e os requisitos técnicos mínimos, que se establecerán regulamentariamente, segundo, entre outros criterios, os servizos ofertados, o confort, o equipamento dos cuartos, as condicións das instalacións comúns, os servizos complementarios e o persoal de servizo.

3. Poderán utilizar a denominación de hostal, para os efectos de comercialización, os establecementos clasificados como pensións de tres e dúas estrelas que ocupen a totalidade dun edificio ou unha parte independizada del, de maneira que o conxunto de instalacións forme un todo homoxéneo con entradas, escaleiras e ascensores de uso exclusivo.

Artigo 63. Pousadas.

1. A Administración autonómica reserva para si a denominación «pousada» para aqueles establecementos de aloxamento turístico da súa propiedade ou que, en todo caso, reúnan

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

unhas características especiais, sexa polos seus valores arquitectónicos ou pola súa localización singular en lugares paisaxisticamente salientables.

Regulamentariamente determinaranse as condicións de acceso ao termo «pousada».

2. A Administración autonómica xestionará o termo «pousada», sendo posible a cesión desta denominación mediante autorización, e logo da valoración dos méritos que concorren, para os establecementos de aloxamento turístico que cumpran cos requisitos establecidos no punto anterior.

Artigo 64. Apartamentos turísticos.

1. Teñen a condición de apartamentos turísticos os inmobles integrados en bloques de pisos ou en conxuntos de unidades aloxativas tales como chalés, bungalows e aqueloutras edificacións semellantes que estean destinados na súa totalidade ao aloxamento turístico, sen carácter de residencia permanente. Cada unidade aloxativa estará dotada de instalacións e servizos adecuados para a conservación, elaboración e consumo de alimentos e bebidas.

2. Os apartamentos turísticos estarán dotados de equipamento e mobiliario necesario para a súa inmediata utilización, que se estenderá ao uso e gozo dos servizos e das instalacións incluídas no bloque ou conxunto en que se atope.

3. Os apartamentos turísticos clasifícanse nas categorías de tres, dúas e unha chaves, e estableceranse regulamentariamente os requisitos de cada unha delas.

4. No caso de que o establecemento estea situado en solo rústico de conformidade co establecido na normativa urbanística e de protección do medio rural de Galicia, unicamente poderá ter a condición de apartamento turístico cando se trate de rehabilitación, reconstrución ou, de ser o caso, ampliación de edificacións legalmente existentes naquel.

Artigo 65. Vivendas turísticas.

1. Enténdese por vivendas turísticas os establecementos unifamiliares illados nos que se preste servizo de aloxamento turístico, cun número de prazas non superior a dez e que dispoñen, por estrutura e servizos, das instalacións e do mobiliario adecuado para a súa utilización inmediata, así como para a conservación, elaboración e consumo de alimentos dentro do establecemento.

2. A comercialización da vivenda turística deberá consistir na cesión temporal do uso e gozo da totalidade da vivenda, polo que non se permite a formalización de contratos por cuartos ou a coincidencia dentro da vivenda de usuarios que formalicen distintos contratos.

3. Os requisitos que sirvan de criterios para a clasificación das vivendas turísticas fixaranse por vía regulamentaria.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

4. No caso de que o establecemento estea situado en solo rústico de conformidade co establecido na normativa urbanística e de protección do medio rural de Galicia, unicamente poderá ter a condición de vivenda turística cando se trate de rehabilitación, reconstrución ou, de ser o caso, ampliación de edificacións legalmente existentes naquel.

Artigo 65 bis. Vivendas de uso turístico

1. Terán a consideración de vivendas de uso turístico as cedidas a terceiras persoas cunha finalidade turística. Para estes efectos, entenderase que existe finalidade turística cando a cesión se realice de maneira reiterada e a cambio de contraprestación económica, para unha estadía de curta duración. Constitúen estadías de curta duración aquelas en que a cesión de uso é inferior a trinta días consecutivos. Considerarase cesión reiterada cando a vivenda se ceda dúas ou máis veces dentro do período dun ano.

2. A comercialización das vivendas de uso turístico previstas no número 1 deberá consistir na cesión temporal do uso e desfrute da totalidade da vivenda, sen que se poidan formalizar contratos por cuartos nin coincidir dentro da vivenda persoas usuarias que formalicen diferentes contratos. Ademais, as vivendas deberán estar amobladas e equipadas en condicións de dispoñibilidade inmediata e coas características establecidas por vía regulamentaria.

As vivendas de uso turístico poderán ser comercializadas, ademais de polas empresas turísticas reguladas no artigo 33.1, polos seus propietarios ou pola persoa física ou xurídica que os represente. Neste último suposto, e sen prexuízo da consideración da vivenda como aloxamento turístico, non se aplicará o disposto no artigo 33.2.

3. As persoas propietarias e/ou comercializadoras quedarán obrigadas fronte á Administración turística ao cumprimento das obrigas impostas na presente lei e nas normas que a desenvolven, e responderán de maneira solidaria fronte a aquela, incluída a obriga de subscribir e manter vixentes os seguros de responsabilidade civil para estas vivendas.

Así mesmo, as empresas turísticas ou as persoas propietarias que comercialicen as vivendas de uso turístico deberán proporcionar, cunha periodicidade trimestral, á entidade pública instrumental competente en materia de turismo os datos de ocupación das vivendas de uso turístico.

4. As vivendas de uso turístico requiren da correspondente declaración previa de inicio de actividade ante a Administración turística.

5. En toda publicidade ou actuación de promoción que se realice, por calquera medio ou canle, deberá figurar o código de inscrición correspondente no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia ou, de non dispoñer del, o código acreditativo da presentación da declaración responsable que facilite a Administración.

6. As cesións temporais do uso e desfrute de vivendas que non cumpran os requisitos establecidos no número 1 deste artigo non terán a consideración de servizos ou actividades

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

turísticas, de acordo co establecido no número 2 do artigo 21 desta lei, polo que quedan fóra do seu ámbito de aplicación.

De acordo con iso, en garantía e protección dos dereitos das usuarias e usuarios turísticos, estas cesións non poderán promocionarse, comercializarse nin publicitarse en canles de oferta turística ou por calquera outro modo de comercialización, promoción ou publicidade como servizos ou actividades turísticas ou de tal forma que creen confusión con estes servizos ou actividades. Para estes efectos, entenderase que se crea confusión cando se utilicen canles de oferta turística sen advertencia expresa de que o aloxamento non ten a consideración dun servizo ou actividade turística nin, por tanto, está regulado pola normativa sectorial en materia de turismo nin amparado pola Administración turística.

A contravención da prohibición prevista neste número será subsumible na infracción tipificada no artigo 110.15.

Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Artigo 65 bis engadido por artigo 37.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 65 bis apartado 3 nova redacción por disposición derradeira novena.

Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 65 bis nova redacción por artigo 33 apartado dous.

Artigo 66. Campamentos de turismo.

1. Considérase campamento de turismo o establecemento de aloxamento turístico que, ocupando un espazo de terreo debidamente delimitado e dotado das instalacións e dos servizos que se establezan regulamentariamente, estea destinado a facilitar a estadía temporal en tendas de campaña, caravanas, autocaravanas ou calquera elemento semellante facilmente transportable, así como doutras instalacións estables destinadas ao aloxamento temporal que sexan explotadas polo mesmo titular do campamento.

2. Enténdese por instalacións estables, destinadas ao aloxamento temporal, as instalacións de elementos fixos prefabricados de madeira ou similares tipo cabana, bungalow ou outros elementos transportables e/ou desmontables, sempre que se trate de edificacións independentes ou pareadas, de planta baixa.

3. Os campamentos de turismo clasifícanse, de acordo coas súas instalacións e servizos, nas categorías que se fixen regulamentariamente segundo os seus requisitos.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

4. Créase o distintivo de campamento de turismo verde, que poderá outorgar a Administración da Xunta de Galicia aos campamentos que, con independencia da categoría que teñan, cumpran ademais cos requisitos que se establezan regulamentariamente.

5. Poderanse establecer zonas especiais de acollida exclusivamente para autocaravanas e caravanas en tránsito consistentes en espazos de terreo debidamente delimitados, dotados e acondicionados, abertos ao usuario turístico para a súa ocupación transitoria. A súa estadía non poderá exceder unha noite. A súa regulación e control será competencia da Administración local onde se sitúen.

Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 66 apartado 3 nova redacción por artigo 27 apartado un.

Artigo 67. Establecementos de turismo rural.

1. Son consideradas establecementos de turismo rural aquelas edificacións situadas no medio rural que, polas súas especiais características de construción, localización e singularidade ou antigüidade, prestan servizos de aloxamento turístico. Sen prexuízo do establecido na normativa urbanística, estes establecementos poderán estar situados en solo de núcleo rural, en asentamentos tradicionais de menos de 500 habitantes cuxo solo estea clasificado como solo urbano ou en solo rústico. En calquera caso, será aplicable o previsto na normativa urbanística e nos instrumentos de planeamento urbanístico en vigor.

2. Os establecementos de turismo rural clasifícanse nos seguintes grupos:

a) Grupo I: hospedarías rurais.

b) Grupo II: pazos e outras edificacións sobranceiras.

c) Grupo III: casas rurais.

d) Grupo IV: aldeas de turismo rural.

e) Outros fixados regulamentariamente.

3. Por vía regulamentaria fixaranse as condicións precisas para que un establecemento sexa clasificado nalgún dos grupos indicados neste artigo, así como o número máximo de prazas de aloxamento

Artigo 68. Agroturismo.

Con independencia do grupo de aloxamento de turismo rural adoptado, a modalidade de agroturismo seralles aplicable aos establecementos que estean integrados en explotacións

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

agrarias, gandeiras ou forestais que, xunto coa hospedaxe, oferten servizos xerados pola propia explotación, permitindo a participación das usuarias e dos usuarios turísticos nas tarefas propias derivadas das actividades agrarias, gandeiras ou forestais.

Artigo 69. Hospedarías rurais.

1. Son hospedarías rurais os establecementos situados no medio rural que, posuíndo un carácter tradicional ou un singular valor arquitectónico, ofrecen aloxamento por cuartos e, polo menos, dúas actividades complementarias de servizos turísticos vinculados ao medio onde se atopan. A capacidade aloxativa destes establecementos non superará as corenta prazas.

2. No caso de pretender situar as hospedarías rurais en solo rústico, unicamente poderán ter esta condición cando se trate de rehabilitación, reconstrución ou, de ser o caso, ampliación de edificacións legalmente existentes, nos termos previstos na normativa sobre ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Artigo 70. Pazos e outras edificacións sobranceiras.

Son pazos, casas grandes, casas reitorais e demais edificacións sobranceiras aquelas construcións que, polas súas singulares características e antigüidade, están suxeitas á normativa de patrimonio cultural de Galicia e aos catálogos de edificios singulares que debe protexer o planeamento urbanístico municipal e proporcionan o servizo de aloxamento turístico e eventualmente outros servizos complementarios.

Artigo 71. Casas rurais.

Son casas rurais os establecementos de turismo rural situados en vivendas autónomas e independentes que, pola súa antigüidade e características, respondan ao concepto da arquitectura tradicional galega da zona nas que se proporcione o servizo de aloxamento turístico e, eventualmente, outros servizos complementarios.

Artigo 72. Aldeas de turismo rural.

Denomínase aldea de turismo rural o conxunto de máis de tres edificacións de turismo rural que formen parte dun establecemento único e dispoñan de oferta complementaria de servizos.

Artigo 73. Réxime de explotación.

O réxime de explotación dos establecementos de turismo rural desenvolverase segundo o tipo de establecemento turístico:

a) O aloxamento turístico en hospedarías rurais consistirá na contratación individualizada de cuartos con almorzo incluído, sendo este opcional para a usuaria ou o usuario turístico.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

b) A prestación de aloxamento turístico en pazos e outras edificacións sobranceiras e nas casas rurais axustarase a algún dos seguintes réximes:

1.º Contratación individualizada de cuartos, co almorzo incluído, sendo este opcional para a usuaria ou o usuario turístico.

2.º Contratación íntegra do inmoble para uso exclusivo do contratante, en condicións e con equipo, instalacións e servizos que permitan a súa inmediata utilización. Nos casos en que a persoa titular non xestione directamente o aloxamento, deberá designar unha persoa encargada que facilite o aloxamento e resolva cantas incidencias poidan xurdir.

Artigo 74. Albergue turístico.

1. Son albergues turísticos os establecementos que ofrecen aloxamento por praza, maioritariamente en cuartos de capacidade múltiple, con ou sen servizos complementarios.

2. Os requisitos que sirvan de criterio para a clasificación destes establecementos fixaranse por vía regulamentaria.

CAPÍTULO V Das empresas de restauración

Artigo 75. Concepto.

1. Son empresas de restauración as dedicadas, de forma habitual e profesional, a subministrar, en establecementos abertos ao público en xeral, comidas e bebidas, mediante prezo, para ser consumidas no propio local ou anexos dependentes deste.

2. Regulamentariamente desenvolveranse os grupos, as categorías e as especialidades dos establecementos de restauración.

Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 75 apartado 2 nova redacción por artigo 28 apartado un.

Artigo 76. Exclusións.

Quedan fóra do ámbito de aplicación desta lei:

a) Aquelas empresas que presten servizo de comida e bebida con carácter gratuíto ou sen ánimo de lucro.

b) As empresas que sirvan comidas e bebidas a continxentes particulares, sempre que non estean abertas ao público en xeral.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

c) Os servizos de restauración en aloxamentos hoteleiros, sempre que a súa explotación non sexa independente do aloxamento e non estea aberta ao público en xeral.

d) As empresas que sirvan comidas e bebidas a domicilio.

e) As empresas que presten este servizo en medios de transporte públicos.

f) As empresas que sirvan comidas e bebidas a través de máquinas expendedoras.

g) As empresas que sirvan comidas e bebidas de xeito ambulante, é dicir, fóra dun establecemento comercial, en postos ou instalacións desmontables, así como en vehículos.

Artigo 77. Clasificación.

As empresas de restauración clasifícanse nos seguintes grupos:

a) Grupo I: restaurantes.

b) Grupo II: cafetarías.

c) Grupo III: bares.

Artigo 78. Restaurantes.

1. Enténdese por restaurante aquel establecemento destinado ao consumo de comidas e bebidas realizado en horario determinado e en zonas de comedor independentes, para o que deberá contar cunha instalación de cociña axeitada ao servizo e á categoría.

2. Os restaurantes clasifícanse nas categorías de cinco, catro, tres, dous e un garfos.

Artigo 79. Cafetarías.

Pertencerán ao grupo de cafetarías aqueles establecementos que ofrezan, nunha mesma unidade espacial, servizo de barra e mesas co fin de dispensar todo tipo de bebidas, que poden acompañar cunha oferta de restauración sinxela e de ordinario á prancha, para o que, de ser o caso, deberá contar cun servizo de cociña axeitado.

Artigo 80. Bares.

Enténdese por bar aquel establecemento que, en servizo de barra, ofrece todo tipo de bebidas, que poderán servirse acompañadas con tapas ou racións en horarios determinados. Tamén se considerarán bares aqueles establecementos que, ademais da barra, contan, na mesma unidade espacial, con servizo de mesas, nas que se poderá facilitar á usuaria ou ao usuario turístico o mesmo servizo que na barra, así como cun servizo de restauración consistente, como máximo, nun menú único ofrecido por un prezo global. Para a oferta de tapas e racións e do menú, o establecemento deberá contar con cociña acorde cos servizos que preste.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

CAPÍTULO VI Das empresas de intermediación

Artigo 81. Concepto.

Son empresas de intermediación turística aquelas que, reunindo os requisitos que se determinen regulamentariamente, se dediquen profesional e habitualmente ao exercicio de actividades de asesoramento, mediación e organización de servizos turísticos, coa posibilidade de que utilicen medios propios para levalas a cabo.

Artigo 82. Clasificación.

1. As empresas de intermediación, sen prexuízo de que regulamentariamente se amplíen os seus tipos, clasifícanse en:

a) Grupo I: axencias de viaxes.

b) Grupo II: centrais de reserva.

2. Regulamentariamente fixaranse os requisitos que deben cumprir as empresas para integrarse en cada grupo e categoría, e poñerase especial atención nas entidades que prestan este tipo de servizos a través da internet.

Artigo 83. Axencias de viaxe.

1. Considéranse axencias de viaxe as empresas que realizan actividades de intermediación turística na venda de billetes ou reserva de prazas en calquera medio de transporte, na venda ou reserva de prazas en establecementos aloxativos, na organización e venda de excursións dun día e viaxes combinadas, na concertación de servizos complementarios como os descritos no artigo 88 e en calquera outra que se determine regulamentariamente.

2. As empresas de intermediación turística que organicen ou comercialicen viaxes combinadas pertencerán necesariamente ao grupo de axencias de viaxes.

3. Os termos «viaxe» ou «viaxes» só poderán ser utilizados, na súa denominación comercial, polas empresas que teñan a condición legal de axencia de viaxes, de conformidade co previsto nesta lei e demais disposicións regulamentarias.

Artigo 84. Clasificación das axencias de viaxes.

As axencias de viaxes clasifícanse nas seguintes categorías:

1. Maioristas: son as que organizan e/ou comercializan servizos e viaxes combinadas para ofrecérllelos ás axencias retallistas, non podendo ofrecer directamente os seus produtos ao usuario turístico.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

2. Retallistas: son as que comercializan o produto ofrecido polas axencias maioristas coa venda directa ao usuario, ou ben organizan e/ou comercializan servizos soltos ou viaxes combinadas, non podendo ofrecer os seus produtos a outras axencias.

3. Maioristas-retallistas: son as que prestan servizos propios de ambos os dous tipos de axencias.

Artigo 85. Centrais de reservas.

As centrais de reserva son as empresas que se dedican principalmente a reservar servizos turísticos de xeito individualizado, sen ter capacidade para organizar viaxes combinadas e sen que, en ningún caso, poidan percibir das usuarias ou dos usuarios turísticos contraprestación económica pola súa intermediación.

Artigo 86. Garantías.

1. As empresas de intermediación deberán constituír e manter en permanente vixencia unha garantía para responder do cumprimento das obrigas derivadas da prestación dos seus servizos fronte aos contratantes, nos termos e na contía que regulamentariamente se establezan.

2. A dita garantía non se esixirá a aquelas empresas de intermediación que exerzan legalmente a súa actividade noutra comunidade autónoma. Para o establecemento na Comunidade Autónoma de Galicia de empresas de intermediación que operan noutros estados membros da Unión Europea esixirase unha garantía complementaria no caso de que a equivalencia de garantías sexa parcial.

CAPÍTULO VII Dos complexos turísticos

Artigo 87. Complexos turísticos.

Enténdese por complexos turísticos aqueles establecementos que, ademais de prestar aloxamento en máis dunha das modalidades previstas nesta lei, complementan a súa oferta con máis de dúas actividades turísticas de servizos complementarios das previstas no título V.

TÍTULO V Das empresas de servizos turísticos complementarios

Artigo 88. Concepto e requisitos.

1. Considéranse empresas de servizos turísticos complementarios, para os efectos desta lei, aquelas empresas que desempeñan actividades e servizos que, pola súa natureza, son consideradas pola Administración autonómica como de interese para o turismo pola súa contribución á diversificación da oferta e ao desenvolvemento turístico, tales como:

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

a) Empresas de espectáculos, actividades recreativas e animación turística.

b) Empresas de actividades de aventura ou natureza.

c) Empresas de actividades deportivas como golf, actividades náuticas, esquí, hípica e outras.

d) Empresas de transporte de viaxeiros na realización de rutas turísticas para as que sexan contratadas.

e) Empresas dedicadas á valorización e á divulgación do patrimonio cultural.

f) Empresas dedicadas á organización de congresos e feiras de mostras.

g) Balnearios e centros de talasoterapia.

h) Spas e parques acuáticos.

i) Centros de atención ao visitante.

j) Aqueloutras que se determinen regulamentariamente.

2. A realización destas actividades poderalle ser comunicada á Administración da Xunta de Galicia para os efectos da súa inscrición no correspondente rexistro.

3. A constancia no rexistro desta actividade non suplirá as autorizacións sectoriais que resulten preceptivas en cada caso, aínda que será precisa para a súa consideración como empresas de servizos turísticos complementarios para os efectos do dereito a percibir axudas e subvencións da Administración da Xunta de Galicia.

4. Regulamentariamente a Administración da Xunta de Galicia poderá fixar os requisitos esixidos para o desenvolvemento destas actividades turísticas cando non exista unha regulación sectorial ou así o requira a protección das usuarias e dos usuarios destes servizos.

5. As empresas ás que se refiren as letras b) e c) do número 1 anterior son consideradas empresas de turismo activo. Non terán esta consideración os clubs e as federacións deportivas cando organicen a realización de actividades no medio natural dirixidas única e exclusivamente ás súas persoas membros e non ao público en xeral.

As empresas de turismo activo deberán dispoñer de seguro por accidentes e de responsabilidade civil que cubran de forma suficiente os posibles riscos imputables á empresa pola oferta e práctica das actividades que oferten e presten, así como unha póliza de seguros de rescate, traslado e asistencia derivados de accidente na prestación daqueles servizos.

Determinaranse regulamentariamente os requisitos e o réxime aplicable a estas empresas.

Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Artigo modificado: Artigo 88 apartado 5 engadido por artigo 26 apartado dous.

Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 88 apartado 5 nova redacción por artigo 40 apartado oito.

TÍTULO VI Das profesións turísticas

Artigo 89. Concepto.

Considéranse profesións turísticas as relativas á prestación, de xeito habitual e retribuído, de servizos específicos directamente relacionados co sector nas empresas turísticas e, en particular, as tendentes a procurar o coñecemento, conservación, promoción, información e gozo dos recursos turísticos.

Artigo 90. Das guías e dos guías de turismo.

1. Son guías de turismo as e os profesionais que, debidamente habilitados, prestan, de xeito habitual e retribuído, servizos de asistencia, acompañamento e información en materia cultural, artística, histórica e xeográfica ás usuarias e aos usuarios turísticos nas súas visitas a museos e demais bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia.

2. As/Os guías de turismo habilitados noutras comunidades autónomas poderán exercer libremente a súa profesión na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. As/Os guías de turismo xa establecidos nun Estado membro da Unión Europea que desexen exercer a súa actividade de forma temporal ou ocasional en Galicia, en réxime de libre prestación, deberán comunicalo á Administración da Xunta de Galicia, antes da primeira actividade transfronteiriza, nos termos e nas condicións que se regulan no artigo 13 do Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento europeo e do Consello, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais.

4. Determinaranse regulamentariamente as condicións de acceso, o ámbito de actuación e os demais requisitos precisos para o exercicio da profesión de guía.

TÍTULO VII Promoción e fomento do turismo

CAPÍTULO I Disposicións xerais

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Artigo 91. Competencias e principios de actuación.

1. Correspóndenlle á Xunta de Galicia a promoción e o fomento interior e exterior do turismo de Galicia, sen prexuízo das competencias das entidades locais e das do Estado.

2. As actuacións en materia de promoción e fomento do turismo de Galicia rexeranse polos principios de eficacia e economía de medios e buscarase a máxima coordinación e colaboración entre as administracións públicas con competencias no ámbito turístico e entre elas e o sector privado.

CAPÍTULO II Medidas de promoción e fomento

Artigo 92. Medidas de promoción turística.

1. A Administración da Xunta de Galicia adoptará en materia de promoción do turismo as medidas máis axeitadas para potenciar e promocionar a imaxe de Galicia como destino turístico de calidade.

2. As actuacións de promoción comprenderán:

a) O deseño e a execución de campañas de promoción turística de Galicia.

b) A participación en feiras, certames e congresos relacionados co sector turístico.

c) A utilización das novas tecnoloxías, nomeadamente da internet.

d) A concertación de accións conxuntas de promoción turística coa Administración xeral do Estado, coas administracións doutras comunidades autónomas e coas administracións doutros países, en especial con Portugal, no marco da eurorrexión Galicia-norte de Portugal.

Artigo 93. Festas de interese turístico de Galicia.

A Administración da Xunta de Galicia poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente, en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan.

Artigo 94. Fomento do turismo.

A Administración da Xunta de Galicia elaborará programas para potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan acadar, entre outros, os seguintes obxectivos:

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

1. Impulsar o turismo como medio de desenvolvemento dos valores propios da cultura e da identidade galegas, mediante a posta en valor do patrimonio turístico galego, coa revitalización dos costumes, das festas e das tradicións populares e demais recursos turísticos, coa restauración do patrimonio cultural e coa preservación e potenciación do medio natural. Para estes efectos, a Administración da Xunta de Galicia outorgaralles preferencia aos proxectos e ás accións naqueles municipios que adopten medidas tendentes á conservación, á potenciación e á posta en valor do seu patrimonio cultural e natural.

2. Diversificar a oferta turística, co impulso da súa segmentación mediante o apoio ao desenvolvemento:

a) Do turismo rural e de interior, como sectores turísticos alternativos de calidade, co fomento da rehabilitación e conservación da riqueza do patrimonio cultural do ámbito rural e tamén dos seus atractivos medioambientais, así como coa realización de actividades de turismo activo neste ámbito.

b) Do turismo de costa, ao aproveitar a cantidade e a pluralidade da oferta turística galega vinculada a este sector, e co fomento da preservación da calidade das augas e das praias galegas, así como da paisaxe e do medio litoral.

c) Do turismo cultural, co aproveitamento da importante riqueza cultural de Galicia e co fomento da súa conservación e posta en valor.

d) Dos camiños de Santiago.

e) Do turismo gastronómico e enolóxico.

f) Do turismo de reunións.

g) Do turismo náutico e mariñeiro.

h) Do turismo termal e da talasoterapia.

i) Do turismo deportivo vinculado con actividades de contacto coa natureza, como sendeirismo, golf, escalada, rafting, cicloturismo, esquí, hípica e outros.

j) Do turismo ecolóxico.

k) De calquera outro segmento emerxente no marco da continua evolución e dos cambios do mercado turístico.

3. Modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, para estimular e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística, mediante as seguintes accións:

a) Impulsar as agrupacións de empresas e as actuacións empresariais conxuntas que posibiliten a mellora da produtividade mediante a diminución de custos, a prestación de servizos en común ou outras accións análogas.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

b) Apoiar a modernización e a mellora das infraestruturas das empresas a través da renovación e dotación das súas instalacións, introdución de novos equipamentos ou substitución dos xa obsoletos e implantación de servizos complementarios nas súas ofertas turísticas, así como o fomento da elevación da categoría dos establecementos turísticos.

c) Incentivar o crecemento selectivo e cualitativo da oferta turística e adecuala á demanda do mercado, como medida para mellorar a súa competitividade.

d) Contribuír á realización de actividades consistentes na elaboración de estudos, estatísticas, publicacións e investigacións sobre o sector turístico que promovan a súa mellora.

e) Potenciar as actuacións das entidades locais en materia de turismo relativas á rehabilitación e á dotación de infraestruturas, equipamentos ou servizos de interese turístico.

f) Promover especialmente os programas de iniciativa pública ou privada tendentes a protexer o medio natural das zonas turísticas e a garantir a sustentabilidade do desenvolvemento turístico, así como os que favorezan a desestacionalización da oferta turística.

Artigo 95. Axudas e subvencións.

1. A Administración da Xunta de Galicia poderá, de acordo coa normativa aplicable, establecer liñas de axuda e outorgarlles subvencións ás empresas turísticas, ás entidades locais e a outras entidades e asociacións como medidas para estimular a realización das accións fixadas nos programas de promoción e fomento do turismo.

2. A concesión de subvencións a todo tipo de entidades para a recuperación, restauración e rehabilitación de bens de interese turístico, sexan culturais, históricos, arqueolóxicos, artísticos ou doutro tipo, que poidan producir fluxos turísticos levará sempre aparellada a esixencia inescusable de asegurar o acceso a eles das usuarias e dos usuarios turísticos nas condicións que se determinen.

3. A concesión das axudas e subvencións respectará as normas xerais sobre a libre competencia e o dereito da Unión Europea. Conforme o disposto polo artigo 14.11 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, así como polo artigo 18.2 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia, terase en conta a utilización non sexista da linguaxe e/ou das imaxes na publicidade das accións subvencionadas, especialmente na internet.

4. Poderase establecer nas bases que rexan a concesión de subvencións polos órganos e entes da Administración da Xunta de Galicia a previsión de accións positivas no sentido do artigo 11 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e do artigo 4 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia, mentres se produzan as condicións e as circunstancias previstas nestas normas.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Artigo 96. Fomento dos estudos turísticos.

1. A Administración da Xunta de Galicia propiciará a unificación de criterios na programación dos estudos de formación regrada e ocupacional do sector turístico e promoverá o acceso á formación continua das traballadoras e dos traballadores do sector. Así mesmo, apoiará a formación turística destinada á adquisición de novos coñecementos e tecnoloxías e á formación de formadores.

2. A Administración da Xunta de Galicia impulsará a subscrición de acordos e convenios coas universidades para a elaboración de programas e plans de estudos en materia turística e tamén coas asociacións empresariais máis representativas, de acordo coa Lei 17/2008, do 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.

TÍTULO VIII Disciplina turística

CAPÍTULO I Inspección turística

Artigo 97. Ámbito de actuación da inspección turística.

1. Correspóndelles ás inspectoras e aos inspectores de turismo a comprobación e a vixilancia do cumprimento das obrigas impostas pola normativa turística aplicable.

2. Co fin de garantir unha adecuada planificación da actividade inspectora e a consecución dos obxectivos de calidade e excelencia da actividade turística, anualmente a Administración da Xunta de Galicia aprobará un plan de inspección turística.

3. No plan de inspección estableceranse os obxectivos da actuación inspectora, os establecementos obxecto de inspección e o seu ámbito xeográfico e temporal. Os ditos obxectivos da actuación inspectora someteranse ao trámite de audiencia do Consello do Turismo de Galicia.

Artigo 98. Escala de inspección turística.

1. O exercicio das actividades de inspección turística levarao a cabo persoal pertencente á escala de inspección turística.

2. A estrutura, a dependencia e o funcionamento orgánico da escala de inspección turística serán establecidos regulamentariamente. Así mesmo, determinarase regulamentariamente a relación que deberá existir entre o número de inspectoras e inspectores e as zonas obxecto de inspección, para os efectos de fixar o número de prazas coas que contará a escala, que, en todo caso, debe ser suficiente para garantir un control eficaz e eficiente da actividade turística.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Artigo 99. Funcións da inspección turística.

Son funcións da inspección turística:

1. A vixilancia e a comprobación do cumprimento da normativa vixente en materia de turismo e, en particular, da existencia das infraestruturas e da dotación dos servizos obrigatorios esixidos por aquela.

2. A investigación dos feitos obxecto tanto das reclamacións e das denuncias como de todos aqueles que poidan ser constitutivos de infracción administrativa consonte o previsto nesta lei.

3. O asesoramento ás empresarias e aos empresarios turísticos sobre o cumprimento e a aplicación da normativa vixente.

4. A emisión dos informes técnicos que lle solicite a Administración da Xunta de Galicia, e preceptivamente nos seguintes casos:

a) Na apertura e na clasificación de novos establecementos e instalacións turísticas, así como para as modificacións, os cambios de actividade e as reclasificacións.

b) No control da execución das actividades subvencionadas e na vixilancia do cumprimento das condicións requiridas ou dos convenios asinados que motivaron a concesión de subvencións por parte da Administración da Xunta de Galicia.

c) No estado das infraestruturas turísticas.

5. Velar pola igualdade e pola calidade na prestación dos servizos turísticos atendendo a modalidade e a categoría dos establecementos.

6. Todas aqueloutras funcións que regulamentariamente se lle atribúan dentro do seu ámbito de actuación definido por esta lei.

Artigo 100. Facultades das inspectoras e dos inspectores de turismo.

1. As inspectoras e os inspectores de turismo terán a consideración de axentes da autoridade, coas facultades e coa protección que lles confire a normativa vixente.

2. O persoal inspector estará provisto dunha acreditación coa cal se identificará no desenvolvemento das súas funcións. Esta identificación poderá ser posterior á actuación cando o axeitado desenvolvemento do labor inspector así o requira.

3. Cando o consideren preciso para o exercicio das súas funcións, as inspectoras e os inspectores de turismo poderán solicitar o apoio, o concurso, o auxilio e a protección que necesiten doutras administracións públicas.

4. Para o exercicio da súas funcións, as inspectoras e os inspectores de turismo poderán:

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

a) Efectuar visitas de comprobación en calquera momento.

b) Consultar e examinar en profundidade a información e a publicidade existente na internet, para verificar o seu grao de exactitude coa oferta existente.

c) Examinar a documentación dos suxeitos que desenvolven actividades turísticas e que estea relacionada coas ditas actividades.

d) Realizar citacións e requirimentos aos referidos suxeitos ou a quen os represente, nos que constará a data, o lugar, a hora e o obxecto da comparecencia, así como os efectos de non atendelos.

e) Solicitar a información estritamente necesaria para o desenvolvemento do labor inspector que conste en rexistros de carácter público ou en bases de datos das diferentes administracións.

Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 100 apartado 2 nova redacción por artigo 40 apartado nove.

Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 100 apartado 4 letra e) engadida por artigo 40 apartado dez.

Artigo 101. Deberes das persoas titulares de empresas e actividades turísticas e do persoal ao seu servizo.

1. As persoas titulares de empresas e actividades turísticas, quen as represente legalmente e o persoal empregado debidamente autorizado, ou, na falta destes, as persoas que se atopen á fronte da actividade no momento dunha inspección, teñen a obriga de lles facilitar ás inspectoras e aos inspectores de turismo o acceso ás dependencias e instalacións, o exame dos documentos, libros e rexistros preceptivos relacionados coa actividade turística e a obtención de copias ou reproducións desta documentación, así como a comprobación de cantos datos sexan precisos para os fins da inspección.

2. Nos establecementos nos que se realice unha actividade turística deberá existir un libro de visitas da inspección turística á disposición das inspectoras e dos inspectores de turismo, coas características que regulamentariamente se determinen, no que se reflectirán as inspeccións que se leven a cabo e as súas circunstancias.

3. Se por requirimento da Administración da Xunta de Galicia se tiver que presentar algún documento, estenderase a correspondente dilixencia de entrega, que deberá ser asinada pola titular ou polo titular da empresa ou actividade turística, ou ben polos seus representantes legais.

Artigo 102. Deberes do persoal da inspección turística.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

1. O persoal da inspección turística deberá gardar segredo e sixilo profesional sobre o obxecto das súas funcións.

2. No exercicio das súas funcións, a inspección turística gardará coas administradas e cos administrados a maior consideración e cortesía, e informaraos dos seus dereitos e dos seus deberes, así como da conduta que deben seguir nas súas relacións coa Administración da Xunta de Galicia, para facilitarlles o cumprimento das súas obrigas.

Artigo 103. Coordinación interadministrativa.

1. A inspección turística poñerá en coñecemento dos órganos administrativos correspondentes as deficiencias e posibles infraccións detectadas no curso das súas actuacións que incidan no ámbito competencial doutros departamentos ou doutras administracións públicas.

2. As deficiencias e posibles infraccións en materia turística detectadas polas inspectoras e polos inspectores ou polo persoal funcionario doutros servizos da Xunta de Galicia ou das entidades locais seranlle comunicadas á consellaría competente en materia de turismo.

Artigo 104. Formalización da actuación inspectora.

1. Todas as actuacións da inspección turística formalizaranse en actas, dilixencias, comunicacións e informes.

2. As actas e as dilixencias estendidas pola inspección turística teñen a natureza de documentos públicos e, se reúnen os requisitos establecidos por esta lei e polas súas disposicións de desenvolvemento, constituirán proba suficiente dos feitos que motiven a súa formalización, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar as persoas interesadas.

Artigo 105. Actas de inspección e de infracción.

1. Os resultados da función inspectora de vixilancia e comprobación do cumprimento da normativa turística serán recollidos na acta de inspección correspondente, na que se consignarán, ademais dos datos identificativos do suxeito e da actividade inspeccionada, a referencia expresa dos feitos constatados e cantas circunstancias contribúan á súa mellor determinación e valoración.

2. A acta de inspección será levantada en presenza da persoa titular da actividade, de quen a represente ou, se é o caso, de calquera persoa dependente daquela. De non haber persoa ante a cal se poida levantar a acta, farase constar esta circunstancia por dilixencia e repetirase a inspección en momento distinto.

3. Cando a inspección turística considere que os feitos e comportamentos que deron lugar á inspección, así como calquera outro apreciado no desenvolvemento das súas funcións, poden ser constitutivos de infracción administrativa, deberase facer constar nunha acta de

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

infracción, na que se describirán os feitos e os preceptos normativos que se consideran vulnerados.

4. As persoas interesadas, ou quen as represente, poderán facer as alegacións ou as aclaracións que consideren convenientes para a súa defensa, que se reflectirán na acta correspondente.

5. As actas terán que ser asinadas pola inspectora ou polo inspector actuante e pola persoa titular da actividade, ou por quen a represente, ou, na falta destes, pola persoa que nese momento estea á fronte da actividade. Se as persoas mencionadas se negan a asinar a acta, a inspectora ou o inspector fará constar esta circunstancia, así como os motivos manifestados, se os houber, mediante a oportuna dilixencia.

6. O asinamento da acta levantada acreditará o coñecemento do seu contido e en ningún caso implicará a súa aceptación.

7. A acta de infracción, de acordo co establecido no artigo 122, redactarase para os efectos de posibilitar a adopción do acordo de iniciación do procedemento sancionador oportuno, e faráselle chegar unha copia dela á persoa titular da actividade ou a quen a represente.

8. A persoa inspeccionada poderá formular as alegacións que xulgue procedentes en relación coa actuación inspectora documentada na dita acta no prazo de dez días, contados a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación da copia da acta.

Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 105 apartados 7 e 8 nova redacción por artigo 40 apartado once.

Artigo 106. Peche de establecementos e suspensión de actividades.

1. Se mediante a correspondente inspección se constata o desenvolvemento dunha actividade turística sen cumprir os requisitos establecidos no capítulo III do título IV, a inspección turística comunicará esta circunstancia ao titular do centro directivo da consellaría competente en materia de turismo, para os efectos de que este poida adoptar, logo de audiencia á persoa interesada, a medida de peche do establecemento ou de suspensión da actividade.

2. A medida prevista neste artigo refírese á normativa turística e é independente das consecuencias sancionadoras que, consonte esta lei e outras que sexan aplicables, poidan seguirse dos feitos que as motivaron.

CAPÍTULO II Réxime sancionador

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Sección 1.ª Disposicións xerais

Artigo 107. Suxeitos responsables.

1. Serán responsables administrativamente das infraccións en materia de turismo as persoas físicas e xurídicas que realicen actividades comprendidas no ámbito de aplicación desta lei ás que lles sexan imputables as accións ou as omisións tipificadas nela como infraccións.

2. As persoas titulares de empresas e actividades turísticas serán responsables administrativamente das infraccións cometidas polo persoal afecto ao seu servizo, sen prexuízo das accións de resarcimento que resulten procedentes.

3. Cando o cumprimento das obrigas previstas na norma infrinxida lles corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán estas de forma solidaria das infraccións cometidas e das sancións que se impoñan.

Artigo 108. Concorrencia de sancións e vinculacións coa orde xurisdicional penal.

1. Non se poderán sancionar os feitos que fosen sancionados penal ou administrativamente, nos casos nos que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

2. Se da investigación dos feitos constitutivos das infraccións tipificadas nesta lei se obteñen indicios de que estes poden constituír delito ou falta, suspenderase o procedemento e daráselle conta ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo da adopción das medidas provisionais oportunas.

Sección 2.ª Infraccións

Artigo 109. Infraccións leves

1. A inexactitude, a falsidade ou a omisión nas manifestacións e nos documentos que, en relación cos datos de carácter non esencial, comuniquen ou incorporen as promotoras ou os promotores de empresas e actividades turísticas nas súas declaracións responsables.

2. Incumprir as obrigas formais expresamente impostas por esta lei e polas súas disposicións de desenvolvemento e, en particular:

a) Non dispoñer materialmente dos documentos esixidos pola normativa turística para o exercicio das actividades, así como non observar na devandita documentación as condicións esixidas.

b) Incumprir o deber de exhibir os distintivos, os carteis, a lista de prezos e a documentación esixida pola normativa turística, así como exhibilos sen as formalidades requiridas.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

c) Non comunicarlle á Administración da Xunta de Galicia os cambios ou as reformas non substanciais nos termos recollidos no artigo 43 ou facelo fóra dos prazos establecidos.

d) Expedir sen os requisitos esixidos pola normativa turística as facturas ou os xustificantes de cobramento polos servizos prestados, así como non conservar os correspondentes duplicados durante o tempo establecido regulamentariamente.

e) Negarse a facilitar as follas de reclamacións no momento de ser solicitadas, mesmo se a reclamación se fundamenta na denegación de acceso ao local ou en que non se presta o servizo solicitado.

f) As accións ou as omisións que, no tocante ao labor inspector, impliquen un simple atraso no cumprimento das obrigas de comunicación e información.

3. As deficiencias na prestación dos servizos debidos ou nos termos contratados, cando non lle causen un grave prexuízo á usuaria ou ao usuario turístico.

4. Non posuír persoal habilitado legalmente para o exercicio dun posto de traballo, cando así o esixa a normativa turística aplicable.

5. As deficiencias na atención e no trato ás usuarias e aos usuarios turísticos por parte do persoal da empresa ou do establecemento cando non constitúan infracción grave ou moi grave, incluídas as que supoñan unha vulneración do seu dereito á tranquilidade de acordo coas características do establecemento de que se trate e do ámbito en que este se atope.

6. As deficiencias nas condicións de funcionamento e limpeza dos locais, instalacións, mobiliario e equipamento e a falta de decoro dos establecementos, fachadas e inmediacións do inmoble que formen parte da explotación.

7. As deficiencias nas dependencias ou das instalacións destinadas ao persoal do establecemento.

8. Permitir a venda ambulante ilegal de obxectos no establecemento.

9. Entregar ás usuarias ou aos usuarios turísticos documentación defectuosa ou que incumpra os requisitos da normativa turística cando aquela sexa obrigatoria.

10. Instalar ou modificar a sinalización turística e do Camiño de Santiago sen respectar a normativa sobre sinalización e sen as autorizacións exixidas.

11. Calquera outro incumprimento das obrigas expresamente impostas por esta lei que non estea tipificado como infracción grave ou moi grave.

Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Artigo modificado: Artigo 109 apartado 11 nova numeración e apartado 10 engadido por artigo 29 apartado un.

Artigo 110. Infraccións graves.

Considéranse infraccións administrativas de carácter grave:

1. A realización de actividades e a prestación de servizos turísticos sen que se presentase a correspondente declaración responsable ou se obtivese a preceptiva autorización turística, se é o caso.

2. A inexactitude, a falsidade ou a omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documentos que se comuniquen ou incorporen os promotores de actividades e servizos turísticos nas súas declaracións responsables.

3. Incumprir ou alterar as circunstancias que motivaron o outorgamento do título administrativo habilitante para o exercicio da correspondente actividade.

4. Utilizar denominacións, rótulos ou distintivos diferentes aos que correspondan segundo a normativa turística.

5. Efectuar cambios ou reformas substanciais incumprindo o establecido nos termos fixados no artigo 42 desta lei.

6. Carecer das dependencias ou das instalacións esixidas pola normativa sectorial para as traballadoras e os traballadores.

7. Obstruír a inspección ou negarse a facilitar a información requirida polas inspectoras ou polos inspectores turísticos.

8. Usar marcas ou denominacións de xeodestinos turísticos que non correspondan ou que incumpran as condicións regulamentariamente establecidas.

9. Efectuar cambios substanciais ou non cumprir na prestación dos servizos respecto do lugar, tempo, prezo e das demais condicións acordadas nos contratos.

10. Non prestar ou prestar deficientemente os servizos debidos, sempre que lle cause un grave prexuízo á usuaria ou ao usuario turístico.

11. Non expedir factura ou xustificante de pagamento polos servizos prestados naqueles establecementos nos que regulamentariamente se esixa e cando, en todo caso, a usuaria ou o usuario turístico o solicite, así como a facturación de conceptos non incluídos nos servizos prestados.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

12. Percibir prezos diferentes aos exhibidos ou notificados á usuaria ou ao usuario turístico ou percibir prezos por servizos que, en virtude da normativa turística, non sexan susceptibles de cobramento.

13. Tratar incorrectamente as usuarias e os usuarios turísticos nos supostos manifestamente ofensivos.

14. Reservar prazas en número superior ao das dispoñibles.

15. Informar ou facer publicidade dos bens ou servizos de forma que induza a erro ou á confusión á usuaria ou ao usuario turístico.

16. Prohibir o libre acceso e expulsar a usuaria ou o usuario turístico dos establecementos turísticos, cando isto sexa inxustificado consonte o establecido na normativa xeral e sectorial que resulte aplicable.

17. Contratar con empresas e establecementos que non posúan o preceptivo título administrativo habilitante turístico para o exercicio da súa actividade.

18. Vender ou alugar as parcelas e as instalacións estables nos campamentos de turismo.

19. Non entregar ás usuarias ou aos usuarios turísticos a documentación obrigatoria nos supostos esixidos pola normativa turística.

20. Incumprir o principio de unidade de explotación para os establecementos de aloxamento turístico.

21. Incumprir, por parte dos titulares dos campamentos de turismo, a obriga de non permitir a permanencia de elementos nas parcelas máis tempo da estadía concertada.

22. Vulnerar o dereito á intimidade das usuarias e dos usuarios turísticos.

23. Reincidir na comisión de faltas leves.

24. Alterar ou romper o precinto derivado da aplicación da medida de peche do establecemento acordada en aplicación do artigo 106.1.

Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 110 apartado 24 engadido por artigo 40 apartado doce.

Artigo 111. Infraccións moi graves.

Considéranse infraccións administrativas de carácter moi grave:

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

1. Utilizar as axudas económicas outorgadas pola consellaría competente en materia de turismo para fins distintos daqueles para os que foron concedidas.

2. Ofrecer ou prestar servizos turísticos que conteñan como elemento de reclamo aspectos que vulneren os dereitos fundamentais ou as liberdades públicas.

3. Reincidir na comisión de faltas graves.

Artigo 112. Reincidencia.

Enténdese por reincidencia a comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme.

Artigo 113. Prescrición das infraccións.

1. As infraccións tipificadas nesta lei prescribirán nos seguintes prazos:

a) As infraccións de carácter leve, ao ano.

b) As infraccións de carácter grave, aos dous anos.

c) As infraccións de carácter moi grave, aos tres anos.

2. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día no que a infracción se cometese ou desde o día no que cesase a conduta infractora, se esta tiver carácter continuado no tempo.

A iniciación do procedemento sancionador, con coñecemento da persoa interesada, interromperá a prescrición, e retomarase o prazo de prescrición se o expediente sancionador estiver paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á presunta ou ao presunto responsable.

Sección 3.ª Sancións

Artigo 114. Determinación das sancións.

As infraccións tipificadas nesta lei terán as seguintes sancións:

a) As infraccións leves, o apercibimento ou a multa de ata 900 euros. O grao mínimo desta multa abrangue ata 300 euros; o grao medio, de 301 a 600 euros; e o grao máximo, de 601 a 900 euros.

b) As infraccións graves, a multa de 901 ata 9.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 901 a 3.600 euros; o grao medio, de 3.601 a 6.300 euros; e o grao máximo, de 6.301 a 9.000 euros.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

c) As infraccións moi graves, a multa de 9.001 ata 90.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 9.001 a 36.000 euros; o grao medio, de 36.001 a 63.000 euros; e o grao máximo, de 63.001 a 90.000 euros.

Artigo 115. Sancións accesorias.

Poderanse impoñer como accesorias ás multas as seguintes sancións:

a) A suspensión da actividade turística ou do exercicio profesional.

A suspensión será de ata seis meses nos casos de reiteración de infraccións graves e de infracción grave que supoña un notorio prexuízo para a imaxe turística de Galicia, un desprestixio da profesión turística ou un dano irreparable para a usuaria ou o usuario turístico.

A suspensión será de seis meses e un día a un ano no caso de infraccións moi graves.

b) A clausura definitiva do establecemento ou a revogación do título administrativo habilitante para o exercicio da actividade, nas infraccións moi graves que supoñan un notorio prexuízo para a imaxe turística de Galicia, un desprestixio evidente para a profesión ou un dano irreparable para as usuarias e os usuarios turísticos.

c) A perda da posibilidade de obter subvencións e outras axudas económicas da administración durante un prazo de ata cinco anos, nas infraccións moi graves consistentes en utilizar as axudas económicas outorgadas pola Administración autonómica para fins distintos daqueles para os que foron concedidas, sen prexuízo da obriga de reintegro das axudas recibidas.

Artigo 116. Graduación das sancións.

1. Para a graduación das sancións consideraranse especialmente os seguintes criterios:

a) A existencia de intencionalidade da persoa infractora.

b) A categoría da empresa turística.

c) A reiteración nas condutas infractoras.

d) O incumprimento dos prazos e dos requisitos concedidos para a corrección das deficiencias detectadas polas inspectoras ou polos inspectores de turismo.

e) A corrección voluntaria, antes ou durante a tramitación do procedemento, das deficiencias detectadas e dos danos e perdas causados.

f) Os prexuízos causados aos particulares.

g) O beneficio ilícito obtido.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

h) A transcendencia social da infracción.

i) As repercusións negativas para o sector turístico e para a imaxe turística de Galicia.

2. Conforme os criterios establecidos no punto anterior, as sancións de multa poderanse impoñer nos seus graos mínimo, medio ou máximo. Cando a comisión da infracción supoña un resultado máis beneficioso para a persoa infractora que o cumprimento da norma vulnerada, considerarase esta circunstancia como agravante para a imposición da sanción de multa no seu grao máximo.

Artigo 117. Publicidade das sancións.

As sancións por infraccións graves e moi graves que comporten a suspensión da actividade turística ou do exercicio profesional serán publicadas no Diario Oficial de Galicia, unha vez que adquirisen firmeza.

Artigo 118. Prescrición das sancións.

1. As sancións previstas nesta lei prescribirán:

a) As impostas por infraccións leves, ao ano.

b) As impostas por infraccións graves, aos dous anos.

c) As impostas por infraccións moi graves, aos tres anos.

2. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento de execución, e volverá transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á persoa infractora.

Artigo 119. Órganos competentes para a imposición de sancións.

1. A competencia para impoñer as sancións previstas nesta lei correspóndelles:

a) Nas infraccións leves, á persoa titular da xefatura territorial competente en materia de turismo.

b) Nas infraccións graves, á persoa titular do centro directivo correspondente na consellaría competente en materia de turismo.

c) Nas infraccións moi graves, á persoa titular da consellaría competente en materia de turismo.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

2. No caso de que as sancións de multa vaian acompañadas das accesorias de suspensión da actividade turística ou do exercicio profesional ou de clausura definitiva do establecemento ou revogación do título administrativo habilitante para o exercicio da actividade, a competencia sancionadora corresponderalle:

a) Nas infraccións graves, á persoa titular da consellaría competente en materia de turismo.

b) Nas infraccións moi graves, ao Consello da Xunta, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de turismo.

Sección 4.ª Procedemento sancionador

Artigo 120. Regulación do procedemento sancionador.

En todo o que non estea previsto nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, a tramitación do procedemento sancionador axustarase aos principios e aos procedementos establecidos con carácter xeral na normativa reguladora do exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 121. Conciliación, reparación e rectificación.

1. Previa ou simultaneamente á tramitación do procedemento sancionador, o órgano competente para a súa incoación poderalle ofrecer á presunta persoa infractora a posibilidade de reparar os prexuízos causados ou de corrixir as irregularidades administrativas nas que incorrese.

2. A conciliación voluntaria para a reparación dos prexuízos causados ás usuarias ou aos usuarios turísticos por parte das persoas titulares de actividades turísticas só se poderá intentar naqueles supostos nos que prime un interese privado e este sexa cuantificable. Producirá os mesmos efectos que a conciliación voluntaria o sometemento das partes ao sistema arbitral de consumo ou aos procedementos arbitrais que a Administración turística poida instituír consonte o previsto nesta lei.

3. A rectificación das irregularidades administrativas só será admisible cando o permita a entidade da infracción e do prexuízo que esta producise.

4. A conciliación e a reparación plena comportarán o arquivo das actuacións ou a atenuación das sancións, atendendo a natureza e a gravidade dos prexuízos causados. A reparación parcial unicamente poderá dar lugar á atenuación das sancións.

5. A tramitación dos procedementos de conciliación e a reparación interromperán a prescrición das infraccións e o cómputo do prazo para resolver os procedementos sancionadores.

Artigo 122. Incoación do procedemento sancionador.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

1. O procedemento sancionador por infraccións tipificadas nesta lei iniciarase de oficio, por acordo do órgano competente adoptado:

a) Por propia iniciativa.

b) Por acta de infracción levantada pola inspección turística.

c) Por orde superior.

d) Por comunicación da autoridade ou do órgano administrativo que teña coñecemento da posible infracción.

e) Por denuncia formulada por organizacións profesionais do sector turístico, organizacións de consumidoras e consumidores e usuarias e usuarios ou particulares.

Para estes efectos, as follas de reclamacións terán a consideración de denuncia formal.

2. A competencia para a incoación do procedemento sancionador corresponderalle á xefatura territorial competente en materia de turismo.

3. Previamente á incoación do procedemento sancionador, o órgano competente para esta poderá acordar a realización de cantas actuacións sexan necesarias co obxecto de determinar con carácter preliminar se concorren circunstancias que xustifiquen a súa iniciación.

4. O acordo de incoación comunicaráselle ao instrutor, con traslado de cantas actuacións se realizasen, e notificaráselles aos presuntos responsables, así como ao denunciante no caso de que no seu escrito de denuncia formulase, expresamente, unha solicitude de iniciación de procedemento sancionador. No caso contrario, o acordo de incoación será comunicado ao devandito denunciante.

Artigo 123. Medidas provisionais.

1. En calquera momento do procedemento sancionador, o órgano competente para resolver poderá acordar a adopción das medidas de carácter provisional que resulten necesarias para asegurar a eficacia da resolución final, evitar o mantemento dos efectos da infracción e protexer as esixencias dos intereses xerais.

2. En particular, se os feitos que provocaron a incoación do procedemento sancionador consisten no desenvolvemento dunha actividade turística sen contar co preceptivo título administrativo habilitante ou en incumprir os requisitos normativamente establecidos de xeito que se produza un grave risco para as usuarias e os usuarios turísticos, poderase adoptar como medida provisional, en ambos os dous casos, o peche do establecemento ou a suspensión da actividade, se non se acordou xa a medida antes da iniciación do procedemento nos termos previstos por esta lei.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Artigo 124. Resolución do procedemento sancionador.

1. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución do procedemento sancionador, xa sexa por infraccións leves, graves ou moi graves, será dun ano desde a data do acordo de incoación. Se transcorre o devandito prazo sen que se notificase a correspondente resolución, producirase a caducidade do procedemento nos termos e cos efectos previstos na lexislación do procedemento administrativo común.

2. Se as condutas sancionadas lle causasen danos ou perdas á administración, a resolución do procedemento poderá impoñerlle á persoa infractora a reposición ao seu estado orixinario da situación alterada pola infracción e a indemnización polos danos e perdas causados.

3. Se a sanción viñer motivada pola falta de adecuación da actividade ou do establecemento aos requisitos establecidos pola normativa vixente, a resolución sancionadora incluirá un requirimento, con expresión de prazo suficiente para o seu cumprimento, para que a persoa sancionada leve a cabo as actuacións necesarias para regularizar a situación da actividade ou do establecemento de que é titular ou ben proceda ao cesamento definitivo da actividade ou ao peche do establecemento.

Artigo 125. Execución das resolucións sancionadoras.

1. A execución das resolucións sancionadoras, logo de que poñan fin á vía administrativa, corresponderalle ao órgano competente para a incoación do procedemento.

2. Nos casos nos que a resolución sancionadora inclúa un requirimento para que a persoa sancionada leve a cabo as actuacións necesarias para regularizar a situación da actividade ou do establecemento do que é titular, o órgano competente para a execución poderá impoñerlle a aquela multas coercitivas dun 10% da contía da sanción máxima fixada para a infracción cometida por cada día que pase desde o vencemento do prazo outorgado para o cumprimento do requirimento sen que se realizasen as actuacións ordenadas.

TÍTULO IX Da arbitraxe

Artigo 126. Arbitraxe.

1. Mediante a arbitraxe as persoas físicas e xurídicas poderán someter voluntaria e expresamente á decisión dunha ou de varias persoas que exerzan esa función arbitral a resolución dos conflitos que poidan xurdir en relación coas materias reguladas nesta lei.

2. A Administración da Xunta de Galicia poderá crear mecanismos de mediación, de acordo co establecido na lexislación vixente sobre a materia.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Disposición adicional primeira. Consello do Turismo de Galicia.

No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei constituirase o Consello do Turismo de Galicia.

Mentres o Consello do Turismo de Galicia non entre en funcionamento, as súas funcións serán exercidas polo Consello Galego de Turismo.

Disposición adicional segunda. Traballo en igualdade.

Traballo en igualdade. A consellaría competente en materia de turismo colaborará cos departamentos da Administración da Xunta de Galicia competentes en materia de traballo e igualdade, e con calquera outro das administracións públicas competentes nestas materias, no desenvolvemento das actuacións conducentes á detección e á erradicación de situacións de economía somerxida e/ou de irregularidades no sector da hostalaría, consonte o disposto polo artigo 36.2 e polo punto 8 do anexo da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia.

Disposición adicional terceira. Actualización da cuantía das sancións.

Actualización da contía das sancións. As contías das sancións de multa poderán ser actualizadas periodicamente polo Consello da Xunta, pero en ningún caso a elevación porcentual que se fixe na dita actualización poderá superar a experimentada polo índice xeral de prezos ao consumo na Comunidade Autónoma de Galicia desde a entrada en vigor desta lei ou desde a anterior revisión das contías.

Disposición adicional cuarta. Axencia de Turismo de Galicia.

Mediante esta lei autorízase o Consello da Xunta de Galicia para a creación da Axencia de Turismo de Galicia, adscrita á consellaría competente en materia de turismo, que terá como obxectivo básico impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da Comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Disposición adicional quinta. Albergues de peregrinos dos camiños de Santiago.

Dentro dos albergues turísticos inclúese a categoría de albergues de peregrinos dos camiños de Santiago. As normas de desenvolvemento desta lei que regulen o seu funcionamento terán en consideración a súa función hospitalaria e a ausencia de ánimo de lucro.

Disposición transitoria primeira. Réxime transitorio.

1. Mentres non se desenvolva regulamentariamente o disposto nesta lei, seralles aplicable ás empresas e ás actividades turísticas a normativa actual.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

2. Os establecementos que con anterioridade á entrada en vigor desta norma estean nalgún grupo, categoría ou modalidade dos previstos nesta lei manterano sen necesidade de adaptación ningunha, sempre que non modifiquen as condicións que deron orixe á clasificación outorgada pola Administración da Xunta de Galicia, agás que por vía regulamentaria se estableza a súa inclusión noutro grupo, categoría, modalidade ou especialidade.

3. Os establecementos clasificados nalgún grupo, categoría, modalidade ou especialidade non previstos nesta lei manterano mentres non modifiquen os requisitos que deron orixe á súa clasificación, agás que por vía regulamentaria se estableza a súa inclusión noutro grupo, categoría ou modalidade.

4. A actividade dos establecementos denominados furanchos, situados na Comunidade Autónoma de Galicia, será obxecto dunha regulación específica, manténdose vixente ata o momento da entrada en vigor da nova normativa o disposto no Decreto 116/2008, do 8 de maio, e nas súas normas de desenvolvemento.

Disposición transitoria segunda. Procedementos sancionadores iniciados antes da entrada en vigor desta lei.

Esta lei non será aplicable aos procedementos sancionadores que se atopen iniciados no momento da súa entrada en vigor, que se tramitarán e resolverán segundo as disposicións vixentes no momento da súa incoación, agás que esta norma resulte máis favorable para o presunto infractor.

Disposición transitoria terceira. Adaptación dos albergues de peregrinos dos camiños de Santiago á normativa de desenvolvemento da lei.

Os albergues de peregrinos dos camiños de Santiago existentes no momento da entrada en vigor desta lei adaptaranse ao que dispoña a normativa de desenvolvemento que se dite, de conformidade co disposto no artigo 74.2, e no prazo que para os efectos se estableza. Esta obriga poderá excepcionarse nos casos que regulamentariamente se determinen.

Disposición derrogatoria única. Derrogación normativa.

Derrógase a Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, así como cantas disposicións de igual e inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.

Autorízase a Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento desta lei sexan precisas.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

No prazo de dous anos desde a súa entrada en vigor aprobarase a totalidade dos desenvolvementos regulamentarios previstos nesta lei.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vinte e sete de outubro de dous mil once.

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.